

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 09 Asociación Monteval

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 09 Asociación Monteval aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 09 Asociación Monteval remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
04/03/2025	10/07/2023	2023/2020215
	07/03/2025	2025/660998

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).





8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 09 Asociación Monteval na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 09 Asociación Monteval conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de





toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 09 Asociación Monteval que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera



ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO ASOCIACIÓN MONTEVAL GDR-9

**PROGRAMA LEADER
2023-2027**



<i>H. Obxectivos</i>	3
H.1. Obxectivo xeral.....	3
H.2. Obxectivos específicos	4
H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos.....	5
<i>I. Plan de acción</i>	9
I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación.....	9
I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	14
I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo.....	32
I.4. Plan de formación do GDR	37
I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades.....	49
I.6. Planificación temporal.....	53
<i>J. Normas para a xestión da estratexia de desenvolvemento local</i>	56
J.1. Requisitos de subvencionabilidade.....	56
J.2. Procedemento de tramitación de proxectos.....	56
J.3 Límites de axuda e porcentaxes de subvención.....	57
J.4 Criterios de Valoración dos proxectos. Baremos. Anexos I - II - III.....	59
J.5. Procedemento de priorización e proposta de resolución de proxectos.....	67
J.6 Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrència.....	69
J.7 Sede do GDR-9 Monteal.....	69
<i>K. Plan de seguimento</i>	70
<i>L. Plan financeiro do gasto público previsto</i>	74
Anexo I.....	75
Anexo II.....	78
Anexo III.....	82



H. Obxectivos

En base ás conclusións obtidas da análise e diagnose recollida nos epígrafes anteriores, defínese o obxectivo xeral e obxectivos específicos que se pretenden acadar co desenvolvemento da estratexia. Estes obxectivos son a estrutura básica na que encaixan todas as liñas estratéxicas, proxectos e accións específicas que se desenvolven con detalle en apartados posteriores.

Recóllese a continuación o obxectivo xeral e os obxectivos específicos ordenados de xeito xerárquico.

H.1. Obxectivo xeral

Táboa 1. Obxectivo xeral da estratexia

Nº	Obxectivo xeral	Xustificación no marco da estratexia
OX	Incrementar a resiliencia territorial e medioambiental do ámbito a través da dinamización dos sectores produtivos estratéxicos como garante da xestión do territorio e da dinamización económica e social que esta implica	No marco da estratexia a visión xeral extraída é a de acadar un territorio competitivo e incrementar as oportunidades da cidadanía mediante a xestión dos recursos endóxeos para lograr un desenvolvemento sostible. Deste xeito, compre realizar propostas para dinamizar e valorizar o ámbito a través dunha planificación integrada que poña o foco na xestión do territorio como mecanismo para un desenvolvemento sostible do territorio fundamentada nos retos seguintes: ▪ Capital humano e reto demográfico ▪ Transición dixital e innovación ▪ Innovación e competitividade dos sectores produtivos ▪ Transición ecolóxica ▪ Gobernanza e dinamización social



H.2. Obxectivos específicos

Vinculados ao obxectivo xeral OX, defínense tres obxectivos específicos, tal e como se recolle na seguinte táboa.

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Nº	Obxectivos específicos	Xustificación no marco da estratexia
OE.1	Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente	A situación de cambio climático precisa de respostas urxentes que leven a unha mudanza nos paradigmas tanto a nivel global como local. Neste sentido, a emerxencia derivada dos cambios no clima deben ser tidos en conta nos procesos de dinamización territorial realizando propostas que promovan a sostibilidade. Así, a transición ecolóxica, a implantación de modelos de economía circular e a implantación e preservación dunha rede de infraestrutura verde contribúen, directa ou indirectamente, á necesaria preservación da biodiversidade.
OE.2	Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade	Todos os territorios posúen valores que contribúen ás condicións de vida das persoas. A planificación territorial integrada permite dar valor ás condicións de base a través de procesos de integración das políticas públicas e as iniciativas privadas. As diversas políticas sectoriais contribúen desde o seu ámbito ao ben colectivo ao aproveitar ao máximo os recursos. A posta en valor dos recursos locais resulta fundamental no proceso de consolidación dun territorio funcional. A dinamización dos sectores produtivos, a innovación, a formación e a diferenciación determinan un territorio eficiente e competitivo
OE.3	Impulso do talento local e gobernanza	Un mundo rural vivo precisa do capital humano que xestione o territorio. As persoas deben ser o centro dos procesos dado que o benestar e a calidade de vida da poboación son unha finalidade básica na implantación de procesos de planificación. Ligado ao reto demográfico, a captación e impulso do talento local resulta clave dado que, a través da posta en valor das capacidades endóxeas, permite tanto o crecemento dimensional dos sectores produtivos como a fixación de poboación derivada do mesmo. As melloras nas potencialidades e a optimización das capacidades da poboación residente é un procedemento de responsabilidade compartida entre as administracións e a sociedade civil. O acompañamento nos procesos precisa do reforzo da cohesión social e dos mecanismos de gobernanza para avanzar cara unha sociedade comprometida e un modelo que garanta a equidade.



H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Co obxecto de establecer un seguimento e control sobre a consecución dos obxectivos, defínense unha serie de indicadores que permiten medir os resultados acadados co desenvolvemento da estratexia, e que servirán de base ao Plan de seguimento recollido no apartado K.

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Obxectivo xeral			
Nº	Obxectivo	Indicador	Unidade de medida
OX	Incrementar a resiliencia territorial e medioambiental do ámbito a través da dinamización dos sectores produtivos estratéxicos como garante da xestión do territorio e da dinamización económica e social que esta implica	Indicadores cuantitativos obxectivos	▪ Datos físicos (demografía, emprego, renda) ▪ Datos administrativos (investimentos, alcances participantes) ▪ Datos estatísticos (impacto do programa e datos de execución)
		Indicadores cualitativos subxectivos	▪ Identidade territorial ▪ Calidade de vida ▪ Capital social, cultural e ambiental



Obxectivos específicos			
OE1	Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente	I1. Proxectos financiados que contribúen a mitigar o cambio climático e á prevención de riscos	- Número de proxectos produtivos financiados - Número de proxectos non produtivos financiados
		I2. Proxectos financiados que contribúen a optimizar e racionalizar a xestión dos recursos endóxeos	- Número de promotores beneficiados - Número de empregos creados - Investimento subvencionado - Investimento total mobilizado - Superficie total sobre a que se actúa - Superficie total sobre a que se actúa (en relación aos instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria
		I3. Proxectos financiados que contribúen a protexer a biodiversidade e os valores ambientais	
		I4. Accións de animación e formación executadas polo GDR na liña da resiliencia do territorio e medio ambiente	- Número de accións de animación realizadas - Número de participantes en accións de animación - Número de accións de formación realizadas - Número de asistentes aos cursos e xornadas de formación
			- Grao de satisfacción dos participantes coa actividade - Grao de aprendizaxe adquirido polos alumnos asistentes á formación



Obxectivos específicos			
OE2	Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade	I5. Proxectos financiados que contribúen á capacitación, formación e mellora da colaboración	- Número de proxectos produtivos financiados - Número de proxectos non produtivos financiados - Número de promotores beneficiados
		I6. Proxectos financiados que contribúen á mellora da cadea de valor con propostas de transformación e comercialización	- Número de empregos creados - Investimento subvencionado - Investimento total mobilizado - Superficie total sobre a que se actúa - Superficie total sobre a que se actúa (en relación aos instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria)
		I7. Accións de animación e formación executadas polo GDR para poñer en valor os recursos locais e mellorar a competitividade	- Número de accións de animación realizadas - Número de participantes en accións de animación - Número de accións de formación realizadas - Número de asistentes aos cursos e xornadas de formación - Grao de satisfacción dos participantes coa actividade - Grao de aprendizaxe adquirido polos alumnos asistentes á formación



Obxectivos específicos			
OE3	Impulso do talento local e gobernanza	I8. Proxectos financiados que contribúen a fomentar o emprendemento e tecido asociativo	- Número de proxectos produtivos financiados - Número de proxectos non produtivos financiados
		I9. Proxectos financiados que contribúen a mellorar a cohesión social e calidade de vida	- Número de promotores beneficiados - Número de empregos creados - Investimento subvencionado - Investimento total mobilizado
		I10. Proxectos financiados que contribúen a fomentar a gobernanza e cooperación	- Superficie total sobre a que se actúa - Superficie total sobre a que se actúa (en relación aos instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria)
		I11. Accións de animación e formación executadas polo GDR para impulsar o talento local e a gobernanza	- Número de accións de animación realizadas - Número de participantes en accións de animación - Número de accións de formación realizadas Número de asistentes aos cursos e xornadas de formación - Grao de satisfacción dos participantes coa actividade - Grao de aprendizaxe adquirido polos alumnos asistentes á formación



I. Plan de acción

Segundo o Anexo C das bases reguladoras, neste descríbese o plan de acción que inclúe o seguinte contido:

- Identificación das liñas estratéxicas e propostas de actuación.
- Identificación de proxectos cun impacto significativo nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación.
- Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo.
- Plan de formación coa unha planificación dos cursos.
- Plan de cooperación con outros GDR e entidades.

I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación

Recóllense na seguinte táboa as liñas estratéxicas e, para cada unha delas as correspondentes medidas ou liñas de actuación, para a consecución dos obxectivos definidos no apartado H.

Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación

Nº	Liña estratéxica	Obxectivos	Medidas ou liñas de actuación
LE1	Mitigación do cambio climático e prevención de riscos mediante a creación dun territorio resiliente	OX / OE.1	M1.1 Incrementar a mobilidade da terra agraria para a súa posta en produción M1.2 Restaurar e/ou preservar os ecosistemas relacionados coa agricultura, a gandería e a silvicultura M1.3 Minimizar a incidencia dos incendios forestais
LE2	Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxenos		M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía
LE3	Protección da biodiversidade e dos valores ambientais		M3.1 Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico M3.2 Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados M3.3 Divulgar e protexer os valores do territorio, do patrimonio e da paisaxe
LE4	Capital humano: formación, capacitación e contorna de colaboración	OX / OE2	M4.1 Apoiar o relevo xeracional e a captación de axentes entrantes M4.2 Aproveitar o capital humano local e posibilitar a transferencia de coñecemento M4.3 Fomentar a igualdade de oportunidades e paliar as diferenzas de xénero M4.4 Consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos M4.5 Conectar aos diversos sectores produtivos a través do fomento da cooperación entre os diversos axentes



Nº	Liña estratéxica	Obxectivos	Medidas ou liñas de actuación
LE5	Cadea de valor: transformación e comercialización		M5.1 Impulsar a innovación nos sectores produtivos M5.2 Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal M5.3 Crear circuitos curtos de comercialización M5.4 Garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas M5.5 Crear un destino turístico sostible
LE6	Emprendemento e tecido asociativo	OX / OE3	M6.1 Fixar poboación no ámbito territorial e atraer a novos continxentes M6.2 Facilitar o emprendemento a través do asesoramento e acompañamento nos procesos M6.3 Aproveitar o tecido social e asociativo existente para xerar dinámicas en rede
LE7	Cohesión social e calidade de vida		M7.1 Reforzar a cohesión social integrando aos diversos colectivos M7.2 Fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades M7.3 Impulsar a transformación cara a un territorio intelixente a través de medidas de dixitalización e monitorización de procesos
LE8	Gobernanza e cooperación		M8.1 Mellorar a comunicación entre as administracións e a cidadanía M8.2 Impulsar a cooperación transfronteiriza



A continuación realízase unha descrición de cada unha das **liñas estratéxicas** definidas:

- **LE.1 Mitigación do cambio climático e prevención de riscos mediante a creación dun territorio resiliente**

A xestión do territorio, a través da adaptación dos sistemas agrarios, gandeiros e forestais e da procura de solucións baseadas na natureza, contribúe de forma decisiva a minimizar a vulnerabilidade fronte ás mudanzas climáticas e permite a redución dos riscos derivados que o cambio climático supón para a cidadanía, como poden ser lumes forestais, secas, inundacións, etc.

Accións diversas como a mobilización de terras, as actuacións en núcleos rurais, a optimización dos recursos hídricos, a mellora da eficiencia enerxética e enerxías renovables deben ir acompañadas de estudos que determinen os pasos a dar dende as institucións e dunha liña formativa que divulgue e conciencie á cidadanía sobre un aproveitamento sostible dos recursos.

- **LE.2 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxenos**

O fomento da utilización dos recursos propios do ámbito permite o incremento da competitividade e sustentabilidade local diminuindo a dependencia do exterior. A implantación de modelos de xestión multifuncional do territorio e a valorización dos recursos locais deben contribuír a un maior aproveitamento que permita a diversificación dos usos do territorio e a integración nos mercados, así como unha economía de escala mediante a adopción de modelos de economía circular, bioeconomía e unha posta en valor dos recursos propios.

Deste xeito, as accións orientadas a xerar un maior coñecemento interno dos valores propios do ámbito e a optimizar a súa xestión, contribúe tanto ao fomento de prácticas sustentables como á mellora da competitividade do territorio.



- **LE.3 Protección da biodiversidade e dos valores ambientais**

Aplacar os efectos do cambio climático é unha necesidade global que debe ser abordada dende a escala local. A redución do impacto do cambio climático pasa pola diminución de emisións e o aumento da captura de carbono.

A protección da biodiversidade a través da conservación de hábitats e da paisaxe debe ser entendida nun sentido amplo: a conservación de espazos protexidos, a restauración de espazos degradados ou en risco de degradación ou a mellora da biodiversidade agrícola, gandeira e forestal a través de modelos sostíbles. O mantemento e mellora da heteroxeneidade paisaxística, incluíndo a xestión de elementos singulares e das súas contornas, a través de prácticas de xestión do territorio, pode contribuír a potenciar os servizos ecosistémicos e á preservación dos valores naturais, estéticos, produtivos e culturais.

- **LE.4 Capital humano: formación, capacitación e contorna de colaboración.**

A planificación dun desenvolvemento rural integrado necesita dun capital humano asociado que actúe como executor e beneficiario das medidas a adoptar. Para que o proceso sexa efectivo precísase da modernización dos diversos sectores produtivos e axentes sociais a través da transferencia de coñecemento, do fomento da innovación e da dixitalización ou da formación continua.

Así, como accións concretas, resulta necesario potenciar a formación específica vinculada aos valores produtivos e patrimoniais endóxeos do territorio, organizar procesos de transferencia de coñecemento interxeracional ou procurar modelos de cooperación con outros territorios.

- **LE.5 Cadea de valor: transformación e comercialización**

Os sectores produtivos primarios precisan de explotacións capaces de resistir as diversas situacións adversas. A capacidade de adaptación aos cambios, singularmente aos derivados das varianzas dos mercados, relacionase cunha mellora na competitividade dos produtos e no establecemento de ciclos produtivos completos que incrementen tanto a eficiencia ambiental como a económica.

Acadar explotacións e empresas agroalimentarias pasa por dar apoio a procesos de mellora na produtividade, no fomento de investimentos en innovación, investigación e tecnificación ou en favorecer os procesos de adaptación aos mercados. O obxectivo último desta liña é aumentar a resiliencia económica de explotacións e empresas e a integración das mesmas en economías de escala e o fomento de produtos de calidade diferenciada que outorguen unha diferenciación ao territorio.



▪ **LE.6 Emprendemento e tecido asociativo**

A atención ao capital humano local relacionase co coidado de colectivos que pidan asumir procesos emprendedores. Facer atractivo o territorio rural para potenciais propostas de emprendemento pasa pola mellora das condicións estruturais pero tamén por establecer mecanismos que faciliten o acceso a crédito, á disposición de terra no caso de que se precise, á mellora dos procesos de colaboración e ao establecemento de dinámicas de colaboración e intercambio de experiencias sustentado nas redes sociais, económicas e culturais xa presentes no ámbito.

O establecemento de procesos de emprendemento e desas relacións pasa polo reforzo dos vínculos entre axentes pero tamén pola dotación de espazos e infraestruturas que permitan a retención de talento e a profesionalización de sectores estratéxicos.

▪ **LE.7 Cohesión social e calidade de vida**

As problemáticas vinculadas ao reto demográfico supoñen un desafío para a meirande parte dos ámbitos rurais polo que poñer ás persoas no centro das políticas é unha necesidade primordial. Nese sentido o coidado do talento local, a mellora das competencias e o establecemento de marcos de cooperación e coparticipación resultan aspectos chave tanto para a execución das outras liñas da estratexia como para acadar unha efectiva fixación de poboación, recuperación da autoestima colectiva e un rural valorizado socialmente.

A calidade de vida pasa polas melloras nas condicións estruturais pero tamén polo establecemento dun modelo social xusto que integre aos diversos colectivos e xere dinámicas de creación de emprego, formación e asesoramento global e colaboración colectiva.

▪ **LE.8 Gobernanza e cooperación**

O desenvolvemento rural ten unha compoñente sociocultural moi relevante á hora de medir as posibilidades de éxito de propostas e proxectos. Dotar de medios, instrumentos e ferramentas á cidadanía residente supón aumentar as posibilidades de éxito das diversas iniciativas. A colaboración entre colectivos, a implantación de modelos de transferencia de coñecemento e o establecemento de procesos de consulta e participación pública poden supoñer o desenvolvemento de liñas de acción innovadoras que permitan a consolidación de liñas de traballo.

A cooperación entre axentes, sectores e territorios supón unha oportunidade para o desenvolvemento endógeno, singularmente nun ámbito tranfronteirizo, retroalimentando os procesos a través da sinerxías con experiencias novidosas ou semellantes que actúen como referentes.



I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

Na táboa que figura a continuación indícanse os proxectos e outras accións específicas que o GDR vai desenvolver ou impulsar por considerar máis relevantes e con impacto significativo nos obxectivos (apartado H) e liñas estratéxicas (epígrafe I.1).

Recóllense aquí os proxectos a financiar e tamén as actividades a desenvolver directamente polo GDR con impacto significativo (nomeadamente, actuacións de animación e actividades de formación e cooperación). O listado de proxectos recollidos correspóndese cunha serie de tipoloxías que o GDR considera prioritarios ou de maior interese para atender as liñas estratéxicas e obxectivos establecidos.

Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

	Proxecto / Acción específica	OX/OE	LE	Tipo de proxecto ou acción (*)	Produtivo/ Non produtivo
P1	Desenvolvemento das ferramentas da Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia	OX/OE.1	LE.1	P	Produtivo
P2	Actuacións en núcleos rurais das Aldeas Modelo da comarca para a dinamización dos valores produtivos, residenciais e turísticos	OX/OE.1	LE.1	P	Produtivo
P3	P3. Axudas para a adaptación e mitigación do cambio climático nos sectores produtivos e sector servizos, preferiblemente mediante a implantación de solucións baseadas na natureza	OX/OE.1	LE.1	P	Produtivo
P.23	Desenvolvemento de estudos para adaptación ao cambio climático dos sectores agrogandeiro e forestal	OX/OE.1	LE.1	P	Non produtivo
P.24	Desenvolvemento de propostas que promovan unha mobilidade sostible e melloren a conexión entre núcleos e a accesibilidade	OX/OE.1	LE.1	P	Non produtivo
F1	Curso Economía circular, bioeconomía e aproveitamento sostible dos recursos	OX/OE.1	LE.1	F	-
F4	Curso Agricultura e gandería ecolóxica: boas prácticas, certificacións e valor engadido	OX/OE.1	LE.1	F	-
F5	Curso Montes Multifuncionais: aproveitamento dos recursos e xestión sostible	OX/OE.1	LE.1	F	-
F7	Curso Restauración de áreas queimadas: alternativas para aumentar a resiliencia do territorio	OX/OE.1	LE.1	F	-
A4	Campaña de adaptación ao cambio climático para os sectores produtivos e cidadanía residente incidindo no aforro enerxético, consumo responsable e o aproveitamento dos recursos endóxenos	OX/OE.1	LE.1	A	-



	Proxecto / Acción específica	OX/OE	LE	Tipo de proxecto ou acción (*)	Produtivo/ Non produtivo
A5	Xornadas divulgativas sobre os instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia	OX/OE.1	LE.1	A	-
A6	Xornadas “A muller na prevención de lumes forestais”	OX/OE.1	LE.1	A	-
C2.	Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio.	OX/OE.1	LE.1	C	-
P4	Axudas para o desenvolvemento de actuacións de mellora da eficiencia enerxética e implantación de comunidades enerxéticas	OX/OE.1	LE.2	P	Produtivo
P5	Axudas para proxectos que contribúan á optimización dos recursos hídricos	OX/OE.1	LE.2	P	Produtivo
P.6	Desenvolvemento de propostas de establecemento ou consolidación de gandería extensiva	OX/OE.1	LE.2	P	Produtivo
P.7	Actuacións que impliquen unha xestión multifuncional do monte e outras iniciativas produtivas que favorezan a prevención de lumes forestais	OX/OE.1	LE.2	P	Produtivo
P.8	Recuperación de soutos tradicionais ou novas iniciativas de plantación de castiñeiros	OX/OE.1	LE.2	P	Produtivo
P.9	Recuperación e valorización da horta e dos cultivos tradicionais da zona ou introdución de novos cultivos que se adapten as condicións climáticas da comarca	OX/OE.1	LE.2	P	Produtivo
P.25	Desenvolvemento de estudos para a optimización e mellora dos recursos hídricos na comarca	OX/OE.1	LE.2	P	Non produtivo
P.26	Desenvolvemento de estudos para o inventariado de bens do patrimonio material e inmaterial de cada un dos concellos que conforman o ámbito	OX/OE.1	LE.2	P	Non produtivo
F8	Curso Oferta turística na comarca	OX/OE.1	LE.2	F	-
F9	Curso Enoturismo e experiencias nos viñedos	OX/OE.1	LE.2	F	-
A7	Xornadas Recuperación do patrimonio enogastronómico e inventario do produto local	OX/OE.1	LE.2	A	-
A8	Obradoiros de cociña Monte e Val – km0	OX/OE.1	LE.2	A	-
P.10	Intervencións de conservación, restauración ambiental e/ou integración paisaxística de espazos degradados ou en risco de degradación	OX/OE.1	LE.3	P	Produtivo



	Proxecto / Acción específica	OX/OE	LE	Tipo de proxecto ou acción (*)	Produtivo/ Non produtivo
P.11	Actuacións de recuperación, conservación e/ou xestión de elementos patrimoniais, soportes culturais e a súa contorna, e dos elementos e condicións necesarias para a súa interpretación	OX/OE.1	LE.3	P	Produtivo
P.27	Desenvolvemento de plans e proxectos para a preservación, recuperación e xestión de espazos de alto valor ambiental, cultural e paisaxístico para favorecer a prestación de múltiples servizos ecosistémicos e a promoción dun turismo sostible	OX/OE.1	LE.3	P	Non produtivo
P.28	Actuacións de restauración de ecosistemas degradados e/ou ameazados por especies exóticas invasoras ou outros factores que afecten á biodiversidade	OX/OE.1	LE.3	P	Non produtivo
P.29	Intervencións de conservación, restauración ambiental e/ou integración paisaxística de espazos degradados ou en risco de degradación	OX/OE.1	LE.3	P	Non produtivo
P.30	Iniciativas de xestión e restauración paisaxística das contornas de elementos patrimoniais e dos camiños tradicionais asociados, favorecendo a accesibilidade e a súa función como barreira cortalumes	OX/OE.1	LE.3	P	Non produtivo
P.31	Actuacións de recuperación, conservación e/ou xestión de elementos patrimoniais e soportes culturais, así como dos elementos e condicións necesarias para a súa interpretación	OX/OE.1	LE.3	P	Non produtivo
A9	Roteiros para o inventario dos valores do territorio e a paisaxe	OX/OE.1	LE.3	A	-
P.32	Elaboración de material de soporte e actividades de apoio ao emprendemento en modelos que fomenten a economía circular, bioeconomía e emprego verde nos sectores agrogandeiro e forestal	OX/OE.2	LE.4	P	Non produtivo
F3	Cursos Transformación e comercialización: valor engadido no sector agrogandeiro	OX/OE.2	LE.4	F	-
F6	Xornadas Valor engadido no sector forestal – produción, transformación e comercialización	OX/OE.2	LE.4	F	-
A1	Campaña de comunicación participativa para cambio de discurso sobre o rural, aumento da autoestima e fixación de poboación.	OX/OE.2	LE.4	A	-



	Proxecto / Acción específica	OX/OE	LE	Tipo de proxecto ou acción (*)	Produtivo/ Non produtivo
A2	Obradoiros interxeneracionais de transferencia de coñecemento	OX/OE.2	LE.4	A	-
A3	Xornadas transfronteirizas temáticas de cooperación	OX/OE.2	LE.4	A	-
P.12	Desenvolvemento ou consolidación de propostas de valorización, transformación, comercialización e/ou distribución de produtos agroalimentarios e forestais vencellados aos sectores produtivos locais	OX/OE.2	LE.5	P	Produtivo
P.13	Actuacións que promovan a transformación dixital e marketing dixital nos sectores estratéxicos	OX/OE.2	LE.5	P	Produtivo
P.14	Iniciativas que promovan o aproveitamento de subprodutos derivados doutras actividades produtivas locais, contribuíndo á reutilización dos residuos e a fomentar unha economía circular	OX/OE.2	LE.5	P	Produtivo
P.15	Iniciativas que contribúan á creación dun destino turístico uniforme, a través da xeración de discurso e identidade de marca baseada nos valores específicos do territorio (Camiño de Santiago, tradición auguista, entroido, enogastroturismo e produtos de calidade diferenciada, etc.)	OX/OE.2	LE.5	P	Produtivo
P.16	Desenvolvemento de oferta turística innovadora vencellada á viticultura e á paisaxe vitivinícola característica da DOP Monterrei	OX/OE.2	LE.5	P	Produtivo
P.17	Desenvolvemento de oferta de agroturismo e turismo forestal baseado nos valores do monte, contemplando actividades deportivas, micoloxía, caza, pesca e/ou turismo da natureza	OX/OE.2	LE.5	P	Produtivo
C4	Turismo en zonas rurais	OX/OE.2	LE.5	C	-
P.18	Iniciativas de consolidación e/ou creación de actividades comerciais e empresariais no rural que favorezan a inclusión no mercado laboral e o autoemprego	OX/OE.3	LE.6	P	Produtivo
P.19	Creación de espazos soporte ou contornas colaborativas para a xeración de ideas emprendedoras e favorecer a retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca	OX/OE.3	LE.6	P	Produtivo



	Proxecto / Acción específica	OX/OE	LE	Tipo de proxecto ou acción (*)	Produtivo/ Non produtivo
P.33	Creación ou consolidación de iniciativas para a dinamización cultural e/ou recreativa, e mellora dos espazos e infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento	OX/OE.3	LE.6	P	Non produtivo
P.20	Desenvolvemento de actividades de prestación de servizos asistenciais, servizos de proximidade e/ou de mellora da calidade de vida, prestando especial atención aos colectivos máis vulnerables	OX/OE.3	LE.7	P	Produtivo
P.34	Actividades de apoio ás mulleres e a colectivos vulnerables para fomentar a súa inclusión socio-laboral	OX/OE.3	LE.7	P	Non produtivo
P.35	Iniciativas de apoio á conciliación familiar e laboral mediante a prestación de servizos de lecer, atención e coidados	OX/OE.3	LE.7	P	Non produtivo
P.36	Actividades e dinamización social no medio rural para a valorización do territorio e a fixación de poboación	OX/OE.3	LE.7	P	Non produtivo
P.37	Actividades de divulgación dos valores do patrimonio natural e cultural (material e inmaterial) da comarca	OX/OE.3	LE.7	P	Non produtivo
P.38	Iniciativas de implantación e mellora das TIC como servizos para a mellora da calidade de vida da cidadanía	OX/OE.3	LE.7	P	Non produtivo
F2.	Cursos de capacitación Incorporación das TIC e I+D+I nos sectores produtivos	OX/OE.3	LE.7	F	-
P.21	Investimento en iniciativas empresariais transversais que desenvolvan modelos económicos colaborativos	OX/OE.3	LE.8	P	Produtivo
P.22	Desenvolvemento de propostas conxuntas que impliquen unha colaboración esóxena (comarcais, rexionais, transfronteirizos) compartindo os recursos e optimizando os servizos	OX/OE.3	LE.8	P	Produtivo
P.39	Proxectos e iniciativas conxuntas de desenvolvemento transfronteirizo para o intercambio cultural e lingüístico	OX/OE.3	LE.8	P	Non produtivo
(*) Tipo de proxecto/acción: Proxecto a financiar (P); Actuación de animación propia (A); Actividade formativa (F); Actividade de cooperación (C) Nesta táboa recóllense tanto os proxectos (ou tipoloxías de proxectos) que o GDR considera relevantes para financiar como aquelas actuacións de animación, actividades formativas e de cooperación (detalladas en táboas posteriores) que se valoran con impacto significativo.					



I.2.3 PROXECTOS A FINANCIAR

Descríbense a continuación, con detalle, os proxectos e accións específicas a financiar con impacto significativo no territorio, separando os de carácter produtivo (Táboa 6) Táboa 6. Proxectos e accións específicas a financiar con impacto significativo e carácter produtivo) dos non produtivos (

Táboa 7), e relacionándoos cos obxectivos, liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación nas que se enmarcan.

Táboa 6. Proxectos e accións específicas a financiar con impacto significativo e carácter produtivo

P1	Desenvolvemento das ferramentas da Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Enmárcanse nesta acción tódolos proxectos de mobilización ou recuperación de terras que empreguen algún instrumento ou ferramenta contemplada na Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, tales como o desenvolvemento de polígonos agroforestais privados. Valorarase positivamente o desenvolvemento de proxectos que contribúan a aumentar a resiliencia do territorio, especialmente en relación coa prevención de lumes forestais, a través da xestión efectiva da terra produtiva da comarca.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.1 Mitigación do cambio climático e prevención de riscos mediante a creación dun territorio resiliente			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M1.1 Incrementar a mobilidade da terra agraria para a súa posta en produción			
M1.2 Restaurar e/ou preservar os ecosistemas relacionados coa agricultura, a gandería e a silvicultura			
M1.3 Minimizar a incidencia dos incendios forestais			

P2	Actuacións en núcleos rurais das Aldeas Modelo da comarca para a dinamización dos valores produtivos, residenciais e turísticos		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Esta acción recolle os proxectos relacionados coa recuperación dos núcleos rurais das Aldeas Modelo e a súa contorna, contemplando tanto intervencións de rehabilitación do tecido construído como do espazo público e actividades de dinamización vinculadas. Valoraranse especialmente aqueles proxectos que combinen a posta en valor do produto local co aspecto residencial ou que incorporen actividades de agroturismo e/ou enogastroturismo.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.1 Mitigación do cambio climático e prevención de riscos mediante a creación dun territorio resiliente			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M1.1 Incrementar a mobilidade da terra agraria para a súa posta en produción			
M1.2 Restaurar e/ou preservar os ecosistemas relacionados coa agricultura, a gandería e a silvicultura			
M1.3 Minimizar a incidencia dos incendios forestais			

P3	Axudas para a adaptación e mitigación do cambio climático nos sectores produtivos e sector servizos, preferiblemente mediante a implantación de solucións baseadas na natureza		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Establécese esta acción para axudar aos sectores produtivos e ao sector HORECA a implantar medidas de adaptación e mitigación do cambio climático nos seus establecementos, locais e infraestruturas asociadas, especialmente a través do emprego de solucións baseadas na natureza (NBS) tales como pérgolas vexetadas, fachadas verdes con plantas gabeadoras, arborado de sombra, pavimentos filtrantes, etc. Esta acción está relacionada coa actividade de animación A4. Valorarase a asistencia á actividade para mellora das capacidades en relación ao programa de axudas.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.1 Mitigación do cambio climático e prevención de riscos mediante a creación dun territorio resiliente			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M1.1 Incrementar a mobilidade da terra agraria para a súa posta en produción			
M1.2 Restaurar e/ou preservar os ecosistemas relacionados coa agricultura, a gandería e a silvicultura			
M1.3 Minimizar a incidencia dos incendios forestais			



P4	Axudas para o desenvolvemento de actuacións de mellora da eficiencia enerxética e implantación de comunidades enerxéticas		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Establécese esta acción para axudar aos sectores produtivos, ao sector HORECA e ás comunidades rurais que desenvolvan actividades económicas a implantar medidas de mellora da eficiencia enerxética e de aproveitamento sostible dos recursos, incluíndo o desenvolvemento de propostas de comunidades para garantir a autosuficiencia enerxética a partir de fontes renovables. A acción está relacionada coa actividade de animación A4. Valorarase a asistencia á actividade para mellora das capacidades en relación ao programa de axudas.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.2 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxeos			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética			
M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible			
M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles			
M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía			

P5	Axudas para proxectos que contribúan á optimización dos recursos hídricos		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Establécese esta acción para axudar aos sectores produtivos, ao sector HORECA e ás comunidades rurais que desenvolvan actividades económicas a implantar medidas de optimización dos seus recursos hídricos para adaptarse ao cambio climático, incluíndo mellora de suministros, recuperación de canles de regadío, mellora das infraestruturas de depuración, etc. Valorarase positivamente o emprego de solucións baseadas na natureza e SUDS.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.2 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxeos			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética			
M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible			
M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles			
M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía			

P6	Desenvolvemento de propostas de establecemento ou consolidación de gandería extensiva		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Enmárcanse nesta acción os investimentos relacionados coa posta en marcha de proxectos de gandería extensiva, así como aqueles necesarios para a implantación de melloras que garantan a continuación da actividade, tales como rozas e roturado para creación de pasteiros, peches e valados, mangas de manexo, etc. Valoraranse positivamente aqueles investimentos relacionados con prácticas sostibles como a conversión a gandería ecolóxica.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.2 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxeos			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética			
M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible			
M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles			
M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía			



P7	Actuacións que impliquen unha xestión multifuncional do monte e outras iniciativas produtivas que favorezan a prevención de lumes forestais		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Englobanse nesta acción aqueles proxectos que impliquen un modelo de xestión do monte ou da terra produtiva a través de prácticas sostibles que incidan positivamente na prevención de lumes forestais. Valorarase positivamente a diversificación de usos dentro dunha mesma unidade de xestión, incorporando distintas orientacións produtivas, procesos de transformación e xeración de valor ou a combinación con outros aproveitamentos culturais ou turísticos.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.2 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxeos			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética			
M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible			
M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles			
M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía			

P8	Recuperación de soutos tradicionais ou novas iniciativas de plantación de castiñeiros		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Esta acción enfócase a promover o sector da castaña, recuperando os soutos tradicionais abandonados ou aqueles en produción que precisen da aplicación de tratamentos silvícolas. Contéplanse tamén as novas plantacións de castiñeiro para incrementar a superficie dedicada a este cultivo. Valoraranse especialmente os proxectos que incorporen unha valorización do produto a través da selección de variedades con maior aptitude ou que desenvolvan procesos de transformación da castaña que contribúan ao valor engadido da IXP.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.2 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxeos			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética			
M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible			
M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles			
M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía			
P9	Recuperación e valorización da horta e dos cultivos tradicionais da zona ou introdución de novos cultivos que se adapten as condicións climáticas da comarca		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Enmárcanse nesta acción proxectos que recuperen cultivos tradicionais tales como o centeo ou o liño, entre outros, así como aquelas iniciativas innovadoras que desenvolvan cultivos adaptados ás condicións climáticas da comarca que poidan ter unha boa aptitude produtiva. Préstase especial atención á valorización dos produtos hortícolas polas boas condicións existentes, así como os proxectos que contemplan a transformación e xeración de valor engadido.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.3 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxeos			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética			
M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible			
M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles			
M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía			



P10	Intervencións de conservación, restauración ambiental e/ou integración paisaxística de espazos degradados ou en risco de degradación		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Esta acción está enfocada a financiar intervencións que promovan a preservación e mellora do patrimonio natural en espazos privados vencellados ao desenvolvemento de actividades económicas, contemplando tanto actuacións de conservación de hábitats ameazados como de recuperación de áreas degradadas. As intervencións engloban actuacións de erradicación de flora exótica invasora, conservación e mellora de sebes e valados tradicionais, restauración ecolóxica de zonas queimadas, mellora de ecosistemas para distintos tipos de fauna, etc.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.3 Protección da biodiversidade e dos valores ambientais			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M3.1 Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico			
M3.2 Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados			
M3.3 Divulgar e protexer os valores do territorio, do patrimonio e da paisaxe			

P11	Actuacións de recuperación, conservación e/ou xestión de elementos patrimoniais, soportes culturais e a súa contorna, e dos elementos e condicións necesarias para a súa interpretación		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Esta acción está enfocada a financiar intervencións que promovan a preservación e mellora do patrimonio cultural en espazos privados vencellados ao desenvolvemento de actividades económicas, contemplando tanto actuacións de restauración de elementos patrimoniais e a súa contorna paisaxística como de mellora da súa interpretación a través da implantación dos elementos necesarios, sempre nun contexto respectuoso coa paisaxe e o patrimonio.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.3 Protección da biodiversidade e dos valores ambientais			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M3.1 Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico			
M3.2 Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados			
M3.3 Divulgar e protexer os valores do territorio, do patrimonio e da paisaxe			

P12	Desenvolvemento ou consolidación de propostas de valorización, transformación, comercialización e/ou distribución de produtos agroalimentarios e forestais vencellados aos sectores produtivos locais		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Englobábase nesta acción as iniciativas que impliquen investimentos enfocados á xeración de valor engadido nos produtos locais, tanto de carácter agrogandeiro como forestal. Valoráranse especialmente os proxectos de transformación, xeración de marca, e aqueles que permitan a comercialización e/ou distribución dos produtos, con especial atención á xeración de recursos compartidos, colaboración, cooperativismo e traballo en rede.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.2 Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade			
LE.5 Cadea de valor: transformación e comercialización			
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M5.1 Impulsar a innovación nos sectores produtivos			
M5.2 Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal			
M5.3 Crear circuitos curtos de comercialización			
M5.4 Garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas			
M5.5 Crear un destino turístico sostible			



P13	Actuacións que promovan a transformación dixital e marketing dixital nos sectores estratéxicos
Descrición	
Enmárcanse nesta acción as iniciativas que impliquen investimentos enfocados á implantación de medidas de dixitalización dos sectores produtivos, tanto nos procesos de transformación como de xeración de marca, comercialización e distribución dos produtos. Valorárase especialmente a innovación na aplicación das TIC, do marketing dixital, e doutras ferramentas útiles para dar visibilidade e posicionar os produtos no mercado.	
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:	
OE.2 Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade	
LE.5 Cadea de valor: transformación e comercialización	
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:	
M5.1 Impulsar a innovación nos sectores produtivos	
M5.2 Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal	
M5.3 Crear circuitos curtos de comercialización	
M5.4 Garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas	
M5.5 Crear un destino turístico sostible	

P14	Iniciativas que promovan o aproveitamento de subprodutos derivados doutras actividades produtivas locais, contribuíndo á reutilización dos residuos e a fomentar unha economía circular		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Esta acción ten por obxecto promover proxectos de transformación que impliquen a elaboración de subprodutos derivados do procesado de residuos ou materiais excedentes ou sobrantes das actividades vencelladas aos sectores produtivos locais, promovendo a economía circular e os circuitos curtos e garantindo un aproveitamento sostible dos recursos. Algúns exemplos son a elaboración de destilados ou produtos cosméticos a partir dos residuos vexetais orixinados no proceso de vinificación, o procesado de residuos orgánicos para compostaxe ou xeración de biogas para enerxía, entre outros. Valorarase especialmente a investigación e innovación nos procesos de creación de novos subprodutos a partir de recursos locais.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.2 Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade			
LE.5 Cadea de valor: transformación e comercialización			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M5.1 Impulsar a innovación nos sectores produtivos			
M5.2 Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal			
M5.3 Crear circuitos curtos de comercialización			
M5.4 Garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas			
M5.5 Crear un destino turístico sostible			

P15	Iniciativas que contribúan á creación dun destino turístico uniforme, a través da xeración de discurso e identidade de marca baseada nos valores específicos do territorio (Camiño de Santiago, tradición auguista, entroido, enogastroturismo e produtos de calidade diferenciada, etc.)		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Enmárcanse nesta acción as iniciativas turísticas de posta en valor e dinamización dos recursos naturais, culturais, simbólicos e gastronómicos do territorio, que contribúan á xeración de discurso e á configuración dunha identidade turística homoxénea e consolidada do destino. Prestarase especial atención ás iniciativas relacionadas co Camiño de Santiago, a recuperación da tradición auguista, a promoción sostible do entroido, o contrabando e outros valores inmateriais, así como a xeración de valor arredor dos recursos procedentes dos sectores produtivos (enogastroturismo e produtos de calidade diferenciada da comarca).			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.2 Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade			
LE.5 Cadea de valor: transformación e comercialización			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M5.1 Impulsar a innovación nos sectores produtivos			
M5.2 Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal			
M5.3 Crear circuitos curtos de comercialización			
M5.4 Garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas			
M5.5 Crear un destino turístico sostible			



P16	Desenvolvemento de oferta turística innovadora vencellada á viticultura e á paisaxe vitivinícola característica da DOP Monterrei		
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Englobanse nesta acción todos aqueles investimentos relacionados coa posta en marcha de oferta enoturística na comarca, con especial atención á adhesión das adegas á Ruta do Viño e outras rutas culturais senlleiras como a dos lagares rupestres. Valóranse especialmente as iniciativas que incorporen propostas innovadoras de experiencias aproveitando as singularidades da paisaxe vitivinícola característica da DOP Monterrei.			
OE.2 Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade			
LE.5 Cadea de valor: transformación e comercialización			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M5.1 Impulsar a innovación nos sectores produtivos			
M5.2 Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal			
M5.3 Crear circuitos curtos de comercialización			
M5.4 Garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas			
M5.5 Crear un destino turístico sostible			

P17	Desenvolvemento de oferta de agroturismo e turismo forestal baseado nos valores do monte, contemplando actividades deportivas, micoloxía, caza, pesca e/ou turismo da natureza		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Englobanse nesta acción todos aqueles investimentos relacionados coa posta en marcha de oferta de agroturismo e turismo forestal e de natureza, con especial atención a aquelas propostas que partan dunha xestión multifuncional do territorio que permita a combinación de distintas actividades produtivas e turísticas aproveitando os servizos ecosistémicos de produción, regulación e culturais. Algúns exemplos son o desenvolvemento de rutas de natureza, actividades deportivas e de ocio activo, así como o aproveitamento sostible dos recursos micolóxicos, de caza ou pesca con fins recreativos e/ou turísticos.			
OE.2 Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade			
LE.5 Cadea de valor: transformación e comercialización			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M5.1 Impulsar a innovación nos sectores produtivos M5.2 Afianzar a produción e a distribución agrogandeira e forestal M5.3 Crear circuitos curtos de comercialización M5.4 Garantir as cadeas de valor xustas e optimizadas M5.5 Crear un destino turístico sostible			

P18	Iniciativas de consolidación e/ou creación de actividades comerciais e empresariais no rural que favorezan a inclusión no mercado laboral e o autoemprego		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Enmárcanse nesta acción os investimentos destinados á creación de novas actividades comerciais e empresariais que promovan a creación de emprego e autoemprego no rural, así como todos aqueles enfocados a garantir a continuidade de actividades xa existentes e promover a súa consolidación e carácter de permanencia e estabilidade.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.6 Emprendemento e tecido asociativo			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M6.1 Fixar poboación no ámbito territorial e atraer a novos continxentes M6.2 Facilitar o emprendemento a través do asesoramento e acompañamento nos procesos M6.3 Aproveitar o tecido social e asociativo existente para xerar dinámicas en rede			



P19	Creación de espazos soporte ou contornas colaborativas para a xeración de ideas emprendedoras e favorecer a retención de talento e profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Esta acción está enfocada a promover investimentos para a creación de espazos de traballo que faciliten un ambiente colaborativo, así como iniciativas de dinamización que impulsen a colaboración entre distintos axentes para o fomento de ideas emprendedoras. Englóbanse aquí a creación ou consolidación de espazos de co-working e a xeración de cooperativas ou doutras formas de colaboración empresarial que favorezan a retención de talento e a profesionalización dos sectores estratéxicos da comarca.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.6 Emprendemento e tecido asociativo			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M6.1 Fixar poboación no ámbito territorial e atraer a novos continxentes			
M6.2 Facilitar o emprendemento a través do asesoramento e acompañamento nos procesos			
M6.3 Aproveitar o tecido social e asociativo existente para xerar dinámicas en rede			

P20	Desenvolvemento de actividades de prestación de servizos asistenciais, servizos de proximidade e/ou de mellora da calidade de vida, prestando especial atención aos colectivos máis vulnerables		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Englóbense nesta acción as actividades relacionadas coa prestación de servizos de asistencia e coidados a nenos, persoas maiores e/ou dependentes, así como aquelas que teñan que ver coa realización de actividades extraescolares, extracurriculares, de carácter cultural, deportivo ou de lecer, que axuden a mellorar a calidade de vida das persoas, ao fomento da vida comunitaria e á cohesión social, prestando especial atención á integración dos colectivos máis vulnerables.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.7 Cohesión social e calidade de vida			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M7.1 Reforzar a cohesión social integrando aos diversos colectivos			
M7.2 Fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades			
M7.3 Impulsar a transformación cara a un territorio intelixente a través de medidas de dixitalización e monitorización de procesos			
P21	Investimento en iniciativas empresariais transversais que desenvolvan modelos económicos colaborativos		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Esta acción pretende impulsar actividades económicas e empresariais que se desenvolvan nun marco de colaboración entre axentes dun ou varios sectores dentro da comarca, co obxecto de facilitar a co-creación de iniciativas conxuntas que dean resposta a problemáticas comúns e axuden a promover a cooperación e a optimización de recursos e servizos.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.8 Gobernanza e cooperación			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M8.1 Mellorar a comunicación entre as administracións e a cidadanía			
M8.2 Impulsar a cooperación transfronteiriza			



P22	Desenvolvemento de propostas conxuntas que impliquen unha colaboración esóxena (comarcais, rexionais, transfronteirizos) compartindo os recursos e optimizando os servizos		
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.8 Gobernanza e cooperación			
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Produtivo
Descrición			
Englóbanse nesta acción aquelas actividades económicas e empresariais que se desenvolvan nun marco de colaboración entre axentes de distintas comarcas, rexións ou países, atendendo especialmente ao carácter transfronteirizo da comarca, co obxecto de impulsar iniciativas conxuntas que dean resposta a problemáticas comúns e axuden a promover a cooperación e a optimización de recursos e servizos.			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M8.1 Mellorar a comunicación entre as administracións e a cidadanía			
M8.2 Impulsar a cooperación transfronteiriza			

Táboa 7. Proxectos e accións específicas a financiar con impacto significativo e carácter non produtivo

P23	Desenvolvemento de estudos para adaptación ao cambio climático dos sectores agrogandeiro e forestal		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Encaixan nesta acción as propostas que inclúan estudos ou investigacións para a adaptación e mitigación do cambio climático nos sectores produtivos agrogandeiro e forestal, incluíndo medidas de aforro enerxético, implantación de fontes renovables para a autonomía enerxética, desenvolvemento de solucións baseadas na natureza (NBS) para a adaptación das infraestruturas asociadas, así como tamén proxectos de I+D+I destinados á mellora de variedades e investigación sobre as zonas de maior aptitude para os distintos cultivos agrícolas e forestais, no contexto da súa adaptación ao cambio climático.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.1 Mitigación do cambio climático e prevención de riscos mediante a creación dun territorio resiliente			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M1.1 Incrementar a mobilidade da terra agraria para a súa posta en produción			
M1.2 Restaurar e/ou preservar os ecosistemas relacionados coa agricultura, a gandería e a silvicultura			
M1.3 Minimizar a incidencia dos incendios forestais			

P24	Desenvolvemento de propostas que promovan unha mobilidade sostible e melloren a conexión entre núcleos e a accesibilidade		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Esta acción está enfocada á mellora das condicións de accesibilidade e promoción da mobilidade sostible, aproveitando as boas condicións da comarca pola súa orografía chaira e a escasa frecuencia de precipitacións. Englobanse nesta acción as propostas de mellora de camiños e sendas peonís ou ciclables, a posta a disposición de bicicletas para utilización por parte de veciños e/ou visitantes e os puntos de recarga de vehículos eléctricos, entre outras iniciativas que poidan contribuír á mellora da conexión entre núcleos e a unha mobilidade sostible.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.1 Mitigación do cambio climático e prevención de riscos mediante a creación dun territorio resiliente			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M1.1 Incrementar a mobilidade da terra agraria para a súa posta en produción			
M1.2 Restaurar e/ou preservar os ecosistemas relacionados coa agricultura, a gandería e a silvicultura			
M1.3 Minimizar a incidencia dos incendios forestais			



P25	Desenvolvemento de estudos para a optimización e mellora dos recursos hídricos na comarca		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Englóbanse nesta acción os investimentos en estudos para a optimización e mellora dos recursos hídricos na comarca, tendo en conta tanto as augas en superficie como as augas soterradas e abarcando tanto os ríos e mananciais coma os sistemas de canalización existentes. Financiaranse investigacións enfocadas á mellora da calidade das augas, especialmente no río Támega pero tamén noutros cursos fluviais da comarca, así como aquelas centradas na optimización dos sistemas abastecemento, drenaxe e depuración. Valorarase positivamente a integración de solucións baseadas na natureza (NBS) e os sistemas de drenaxe sostible.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.2 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxeos			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética			
M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible			
M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles			
M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía			

P26	Desenvolvemento de estudos para o inventariado de bens do patrimonio material e inmaterial de cada un dos concellos que conforman o ámbito		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Esta acción está enfocada ao inventariado de bens do patrimonio material e inmaterial da comarca, incluíndo tanto estudos técnicos como actividades de dinamización, participación pública e voluntariado que incidan na recolla de información e cartografía do patrimonio cultural dos distintos concellos do ámbito.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.2 Optimización e racionalización da xestión dos recursos endóxeos			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M2.1 Optimizar a xestión hídrica e a enerxética			
M2.2 Implantar modelos de mobilidade sostible			
M2.3 Establecer modelos produtivos multifuncionais e sostibles			
M2.4 Incentivar prácticas de economía circular e bioeconomía			

P27	Desenvolvemento de plans e proxectos para a preservación, recuperación e xestión de espazos de alto valor ambiental, cultural e paisaxístico para favorecer a prestación de múltiples servizos ecosistémicos e a promoción dun turismo sostible		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Englóbase nesta acción o desenvolvemento de proxectos técnicos de ordenación, planificación e xestión dos espazos de alto valor ambiental, cultural e/ou paisaxístico existentes no ámbito do GDR-9. Os proxectos realizaranse dende unha óptica holística, integrando a preservación e/ou recuperación dos espazos e a mellora dos servizos ecosistémicos asociados co desenvolvemento dun turismo sostible, atendendo sempre á capacidade de carga que poden soportar estes espazos, sen menoscabo dos seus valores.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.3 Protección da biodiversidade e dos valores ambientais			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M3.1 Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico			
M3.2 Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados			
M3.3 Divulgar e protexer os valores do territorio, do patrimonio e da paisaxe			



P28	Actuacións de restauración de ecosistemas degradados e/ou ameazados por especies exóticas invasoras ou outros factores que afecten á biodiversidade		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Esta acción ten por obxecto a recuperación de ecosistemas degradados ou ameazados por distintas afeccións ambientais, especialmente aquelas que inciden na biodiversidade. Englóbanse neste apartado os plans, proxectos ou actividades de participación e voluntariado orientadas á erradicación de especies exóticas invasoras, á conservación e/ou restauración de hábitats prioritarios ou de alto valor, así como á mellora da biodiversidade e dos polinizadores.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.3 Protección da biodiversidade e dos valores ambientais			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M3.1 Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico			
M3.2 Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados			
M3.3 Divulgar e protexer os valores do territorio, do patrimonio e da paisaxe			

P29	Intervencións de conservación, restauración ambiental e/ou integración paisaxística de espazos degradados ou en risco de degradación		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Esta acción está enfocada a financiar intervencións que promovan a preservación e mellora do patrimonio natural, contemplando tanto actuacións de conservación de hábitats ameazados como de recuperación de áreas degradadas. As intervencións engloban actuacións de mellora paisaxística, conservación e recuperación de sebes e valados tradicionais, restauración ecolóxica de zonas queimadas, mellora de ecosistemas para distintos tipos de fauna, etc.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.3 Protección da biodiversidade e dos valores ambientais			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M3.1 Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico			
M3.2 Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados			
M3.3 Divulgar e protexer os valores do territorio, do patrimonio e da paisaxe			
P30	Iniciativas de xestión e restauración paisaxística das contornas de elementos patrimoniais e dos camiños tradicionais asociados, favorecendo a accesibilidade e a súa función como barreira cortalumes		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Englóbense nesta acción os proxectos e iniciativas de xestión e restauración paisaxística das contornas de interese patrimonial, incluíndo o patrimonio arqueolóxico, arquitectónico, etnográfico e aqueles elementos físicos con calidades simbólicas ou que dispoñan dun patrimonio inmaterial asociado. Prestarase especial atención a garantir a accesibilidade a estes elementos por parte de veciños e visitantes, para facilitar a súa interpretación e o turismo sostible, con intervencións de xestión, mellora e mantemento da rede de camiños peonís, atendendo tamén á función cortalume desta rede de elementos patrimoniais visitables e ben xestionados.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.3 Protección da biodiversidade e dos valores ambientais			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M3.1 Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico			
M3.2 Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados			
M3.3 Divulgar e protexer os valores do territorio, do patrimonio e da paisaxe			



P31	Actuacións de recuperación, conservación e/ou xestión de elementos patrimoniais e soportes culturais, así como dos elementos e condicións necesarias para a súa interpretación		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Esta acción está enfocada a financiar intervencións que promovan a preservación e mellora do patrimonio cultural, contemplando tanto actuacións de restauración de elementos patrimoniais e a súa contorna paisaxística como de mellora da súa interpretación a través da implantación dos elementos necesarios, sempre nun contexto respectuoso coa paisaxe e o patrimonio.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.1 Resiliencia do territorio, da paisaxe e do medio ambiente			
LE.3 Protección da biodiversidade e dos valores ambientais			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M3.1 Protexer os espazos de valor ambiental e paisaxístico			
M3.2 Dar relevancia á infraestrutura verde e aos servizos ecosistémicos derivados			
M3.3 Divulgar e protexer os valores do territorio, do patrimonio e da paisaxe			

P32	Elaboración de material de soporte e actividades de apoio ao emprendemento en modelos que fomenten a economía circular, bioeconomía e emprego verde nos sectores agrogandeiro e forestal		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Englóbanse nesta acción aquelas actividades relacionadas coa formación, animación e dinamización en materia de bioeconomía, economía circular e emprego verde nos sectores agrogandeiro e forestal, co obxecto de fomentar o emprendemento e a xeración de ideas emprendedoras, así como contornas colaborativas que faciliten a implantación de modelos de negocio sostibles baseados nos recursos locais.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.2 Posta en valor dos recursos locais e mellora da competitividade			
LE.4 Capital humano: formación, capacitación e contorna de colaboración			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M4.1 Apoiar o relevo xeracional e a captación de axentes entrantes			
M4.2 Aproveitar o capital humano local e posibilitar a transferencia de coñecemento			
M4.3 Fomentar a igualdade de oportunidades e paliar as diferenzas de xénero			
M4.4 Consolidar a formación e a capacitación nos diversos sectores produtivos			
M4.5 Conectar aos diversos sectores produtivos a través do fomento da cooperación entre os diversos axentes			

P33	Creación ou consolidación de iniciativas para a dinamización cultural e/ou recreativa, e mellora dos espazos e infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Englóbanse nesta acción as propostas de dinamización que melloren a oferta cultural e/ou recreativa dos concellos do ámbito do GDR-9, co obxecto de atraer e fixar poboación e fortalecer os lazos da comunidade. Financiaranse tanto o desenvolvemento das actividades como o acondicionamento dos espazos e infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento, tales como a rehabilitación de locais sociais, entre outros.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.6 Emprendemento e tecido asociativo			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M6.1 Fixar poboación no ámbito territorial e atraer a novos continxentes			
M6.2 Facilitar o emprendemento a través do asesoramento e acompañamento nos procesos			
M6.3 Aproveitar o tecido social e asociativo existente para xerar dinámicas en rede			



P34	Actividades de apoio ás mulleres e a colectivos vulnerables para fomentar a súa inclusión socio-laboral		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Englobanse nesta acción aquelas propostas de dinamización, formación e/ou animación que promovan a inclusión social e a incorporación das mulleres ao mercado laboral, especialmente naqueles sectores onde aínda non acadan suficiente representatividade. Primaranse as actividades que dean visibilidade ás iniciativas promovidas por mulleres nos distintos sectores relevantes da comarca, para fomentar a replicabilidade dos casos de éxito existentes.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.7 Cohesión social e calidade de vida			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M7.1 Reforzar a cohesión social integrando aos diversos colectivos			
M7.2 Fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades			
M7.3 Impulsar a transformación cara a un territorio intelixente a través de medidas de dixitalización e monitorización de procesos			

P35	Iniciativas de apoio á conciliación familiar e laboral mediante a prestación de servizos de lecer, atención e coidados		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Esta acción pretende reforzar a cohesión social entre os diversos colectivos e mellorar a calidade de vida dos habitantes reforzando os servizos de asistencia e coidados a nenos, persoas maiores e/ou dependentes, así como aquelas que teñan que ver coa realización de actividades extraescolares, extracurriculares, de carácter cultural, deportivo ou de lecer, e que fomenten, en xeral, a conciliación familiar e laboral.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.7 Cohesión social e calidade de vida			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M7.1 Reforzar a cohesión social integrando aos diversos colectivos			
M7.2 Fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades			
M7.3 Impulsar a transformación cara a un territorio intelixente a través de medidas de dixitalización e monitorización de procesos			

P36	Actividades e dinamización social no medio rural para a valorización do territorio e a fixación de poboación		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Encádranse nesta acción as actividades que teñan que ver coa dinamización social no medio rural, para mellorar a cohesión social e a calidade de vida a través do aumento da oferta cultural nos distintos concellos do ámbito.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.7 Cohesión social e calidade de vida			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M7.1 Reforzar a cohesión social integrando aos diversos colectivos			
M7.2 Fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades			
M7.3 Impulsar a transformación cara a un territorio intelixente a través de medidas de dixitalización e monitorización de procesos			



P37	Actividades de divulgación dos valores do patrimonio natural e cultural (material e inmaterial) da comarca		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Esta acción está enfocada a promover actividades de dinamización social que incidan na divulgación dos valores do patrimonio natural e cultural do territorio (tanto material como inmaterial) atendendo principalmente á mellora do coñecemento acerca dos seus valores por parte dos habitantes para incidir nun aumento da autoestima. Englóbanse nesta acción actividades de animación e formación, roteiros guiados e propostas de voluntariado, entre outras.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.7 Cohesión social e calidade de vida			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M7.1 Reforzar a cohesión social integrando aos diversos colectivos			
M7.2 Fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades			
M7.3 Impulsar a transformación cara a un territorio intelixente a través de medidas de dixitalización e monitorización de procesos			

P38	Iniciativas de implantación e mellora das TIC como servizos para a mellora da calidade de vida da cidadanía		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Enmárcanse nesta acción todas as iniciativas que teñan que ver coa posta en marcha ou consolidación das TIC para mellorar a calidade de vida da cidadanía e promover o aumento de oportunidades nas contornas rurais.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.7 Cohesión social e calidade de vida			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M7.1 Reforzar a cohesión social integrando aos diversos colectivos			
M7.2 Fomentar a calidade de vida a través de prácticas saudables e servizos públicos axeitados para as diversas necesidades			
M7.3 Impulsar a transformación cara a un territorio intelixente a través de medidas de dixitalización e monitorización de procesos			

P39	Proxectos e iniciativas conxuntas de desenvolvemento transfronteirizo para o intercambio cultural e lingüístico		
Tipo:	Proxecto a financiar	Carácter	Non produtivo
Descrición			
Englóbense nesta acción todos os proxectos e iniciativas de carácter cultural que impliquen unha mellora na comunicación transfronteiriza, sempre e cando se desenvolvan nun marco colaborativo que fomenta o intercambio cultural e lingüístico a ambos lados da fronteira, con implicación de axentes galegos e portugueses. Financiaranse proxectos audiovisuais, de promoción do patrimonio compartido, actividades de dinamización cultural transfronteiriza e calquera outra proposta innovadora que mellore a cohesión social, a gobernanza e a cooperación.			
Obxectivos específicos e liñas estratéxicas ás que contribúe:			
OE.3 Impulso do talento local e gobernanza			
LE.8 Gobernanza e cooperación			
Medidas ou liñas de actuación ás que contribúe:			
M8.1 Mellorar a comunicación entre as administracións e a cidadanía			
M8.2 Impulsar a cooperación transfronteiriza			



I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo

Recóllense neste apartado todas as actuacións previstas de animación a realizar polo GDR-9 Monteval, indicando a súa relación cos obxectivos e as liñas estratéxicas.

Táboa 8. Programación das actuacións en relación aos obxectivos e as liñas estratéxicas

Nº	Actividade de animación	Obxectivos	Liñas estratéxicas
A1.	Campaña de comunicación participativa para cambio de discurso sobre o rural, aumento da autoestima e fixación de poboación.	OX, OE.2, OE.3	LE.4, LE.6, LE.7
A2.	Obradoiros interxeneracionais de transferencia de coñecemento	OX, OE.2, OE.3	LE.4, LE.6, LE.7
A3.	Xornadas transfronteirizas temáticas de cooperación	OX, OE.2, OE.3	LE.4, LE.8
A4.	Campaña de adaptación ao cambio climático para os sectores produtivos e cidadanía residente incidindo no aforro enerxético, consumo responsable e o aproveitamento dos recursos endóxeos	OX, OE.1	LE.1, LE.2
A5.	Xornadas divulgativas sobre os instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia	OX, OE.1, OE.3	LE.1, LE.8
A6.	Xornadas “A muller na prevención de lumes forestais”	OX, OE.1, OE.2, OE.3	LE.1, LE.3, LE.4, LE.7
A7.	Xornadas Recuperación do patrimonio enogastronómico e inventario do produto local	OX, OE.1, OE.2	LE.2, LE.3, LE.5
A8.	Obradoiros de cociña Monte e Val – km0	OX, OE.1, OE.2, OE.3	LE.2, LE.4, LE.5
A9.	Roteiros para o inventario dos valores do territorio e a paisaxe	OX, OE.1, OE.2	LE.3
A10.	Xornadas Paisaxes comestibles	OX, OE.1, OE.2	LE.3, LE.5
A11.	Ciclo de carreiras, andainas e actividades deportivas pola Vía da Prata	OX, OE.1, OE.2	LE.3, LE.5
A12.	Xornadas informativas sobre a estratexia e as convocatorias de axudas.	OX, OE.2, OE.3	LE.4, LE.8
A13.	Difusión en prensa, web e RRSS	OX, OE.2, OE.3	LE.4, LE.8

A continuación xustifícase para cada acción o obxecto que a motiva e concrétese o contido (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, etc.) de cada unha delas.



Táboa 9. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

	Actuación	Contido das actividades previstas
A1	Campaña de comunicación participativa para cambio de discurso sobre o rural, aumento da autoestima e fixación de poboación.	A problemática do despoboamento e o éxodo de xente nova do rural ten, entre outras causas, unha orixe social que debe ser abordada dende unha perspectiva real que mude o discurso, outorgando protagonismo ás persoas locais que desenvolven a súa actividade dignamente e cunha boa calidade de vida. Transmitir esta mensaxe ás novas xeracións a través de casos de éxito próximos nos que se poidan ver reflexadas é esencial para incentivar que se repliquen estes modelos, fixando poboación no rural. ○ Definición do perfil (target): Mocidade residente e non residente. ○ Proceso participativo para a recollida de información e cocreación da campaña: entrevistas e talleres. ○ Recompilación de casos de éxito para a súa difusión: charlas e xeración de material audiovisual. ○ Definición das canles de difusión apropiadas (RRSS, eventos, etc.).
A2	Obradoiros interxeneracionais de transferencia de coñecemento	A falta de coñecemento no manexo e técnicas tradicionais nos sectores produtivos por parte das novas xeracións, xunto á brecha dixital e dificultades no emprego das novas tecnoloxías por parte da xente maior, forman unha problemática dual que pode abordarse dende o fomento de espazos para a posta en común de ambos grupos, facilitando a transmisión de coñecemento nas dúas direccións e favorecendo a integración social e un envellecemento activo satisfactorio. ○ Definición dos perfiles: Mocidade local e persoas maiores. ○ Deseño de actividades temáticas para fomentar o intercambio de experiencias entre distintas xeracións, promovendo un envellecemento activo satisfactorio nas persoas maiores. ○ Establecemento de grupos de traballo con obxectivos comúns: - Experiencia de manexo nos distintos sectores produtivos - Emprego das novas tecnoloxías ○ Dinamización do espazo de reflexión, facilitando os aportes de todos os participantes.
A3	Xornadas transfronteirizas temáticas de cooperación	A posición estratéxica do ámbito é unha oportunidade para establecer estratexias de cooperación transfronteiriza que axuden a xerar un marco de colaboración para abordar retos e problemáticas comúns, promovendo sinerxías entre distintos axentes do territorio. ○ Definición dos perfiles e grupos de traballo ○ Establecemento das temáticas - Dinamización dos sectores produtivos: transformación e valor engadido - Restauración ambiental e mitigación do Cambio Climático - Oferta cultural e servizos compartidos ○ Intercambio de experiencias mediante charlas e mesas de traballo
A4	Campaña de adaptación ao cambio climático para os sectores produtivos e cidadanía residente incidindo no aforro enerxético, consumo responsable e o aproveitamento dos recursos endóxenos	A adaptación ao cambio climático é un dos grandes retos aos que se van enfrontar os sectores produtivos e a cidadanía en xeral nos próximos anos. Para aumentar a eficiencia e paliar os seus efectos adversos, é necesario realizar unha serie de medidas de adaptación que afectan a distintas prácticas. Para promover estes cambios nas dinámicas é preciso realizar unha labor de difusión destas medidas a través dunha campaña para incidir no aforro enerxético, consumo responsable e aproveitamento dos recursos locais. Esta actividade está relacionada coa acción P3 do plan de acción (proxectos produtivos). ○ Definición dos perfiles: Sectores produtivos, sector HORECA, cidadanía en xeral ○ Definición das canles de difusión e contidos ○ Realización de charlas informativas ○ Elaboración de material divulgativo nos formatos acordados



	Actuación	Contido das actividades previstas
A5	Xornadas divulgativas sobre os instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia	A nova Lei de recuperación de terra agraria de Galicia dispón de diversos instrumentos para mobilizar terras e poñelas a disposición de axentes xestores que estean interesados en ampliar a súa base territorial para desenvolver a súa actividade produtiva. Sen embargo, detéctase un descoñecemento destas ferramentas por parte daqueles potenciais usuarios das mesmas, polo que resulta indispensable realizar unha labor divulgativa neste senso. ○ Definición dos perfiles: Propietarios de terras, axentes xestores interesados en desenvolver a súa actividade ampliando base territorial. ○ Definición das canles de acceso e convocatoria: difusión do proceso informativo. ○ Realización de charlas informativas e participativas. ○ Creación de mapa de axentes. ○ Realización de mesas de traballo entre os distintos axentes implicados para desenvolver propostas concretas.
A6	Xornadas “A muller na prevención de lumes forestais”	O sector forestal é un dos que ostentan tradicionalmente unha menor participación feminina en papeis activos e con poder de decisión. Sen embargo, nos últimos tempos cada vez existen máis mulleres ao fronte da xestión forestal, tanto como propietarias como comuneiras ou técnicas. Estas xornadas pretenden darlle voz a todas estas protagonistas, co obxecto de incentivar que outras mulleres se impliquen activamente na xestión do monte. ○ Definición dos perfiles aos que vai destinada a xornada e divulgación ○ Xornadas con mulleres relevantes na xestión do monte, a nivel local e/ou de fora da comarca ○ Espazo de networking e debate
A7	Xornadas Recuperación do patrimonio enogastronómico e inventario do produto local	Para dotar de contido e identidade ao destino turístico e xerar discurso en torno aos produtos locais, é necesario dispoñer dun inventario do patrimonio cultural enogastronómico (material e inmaterial), e dos recursos dispoñibles que logo servirán de base a outras accións de creación de oferta enogastronómica no territorio. Co obxecto de coñecer, preservar e divulgar o saber e os coñecementos existentes, propónse un formato de xornadas participativas para involucrar á poboación na xeración do discurso turístico en base á súa identidade. ○ Definición dos perfiles: Produtores locais, sector HORECA e poboación local. ○ Conferencias para xerar conciencia sobre o valor gastronómico dos produtos agroalimentarios locais entre os produtores e hostaleiros. ○ Creación dun rexistro de produtores e produtos de calidade dispoñibles para o seu uso turístico no territorio. ○ Mesas de traballo: Inventario de produtos e receitairo tradicional.
A8	Obradoiros de cociña Monte e Val – km0	A creación dunha oferta enogastronómica baseada nos produtos locais resulta esencial para reforzar a identidade do destino turístico, ademais de establecer sinerxías entre os produtores locais e o sector HORECA, favorecendo as canles curtas de distribución e asegurando a viabilidade das explotacións agrogandeiras da comarca. ○ Definición dos perfiles: Produtores locais e sector HORECA ○ Selección de persoal de referencia e recoñecemento no sector da restauración para conducir os obradoiros ○ Proceso de participación pública para a recompilación de receitas tradicionais ○ Proceso de cocreación dun novo receitairo Monte e Val, baseado no produto local ○ Xornadas de showcooking e concurso de tapas entre as empresas de restauración locais participantes ○ Xeración de material audiovisual ao longo de todo o proceso para a súa difusión



	Actuación	Contido das actividades previstas
A9	Roteiros para o inventario dos valores do territorio e a paisaxe	O coñecemento dos valores do territorio por parte da poboación resulta esencial para reforzar o sentimento de pertenza, fixar poboación e garantir a conservación dos elementos do patrimonio cultural, natural e paisaxístico. Para isto, propónse a realización de roteiros temáticos para inventariar, de xeito participativo, estes valores. ○ Definición dos perfiles e das canles de comunicación e difusión. ○ Definición das temáticas dos roteiros contemplando, cando menos, as seguintes: - Coñece o teu patrimonio cultural material e inmaterial - Patrimonio e valores da Vía da Prata – inventario de patrimonio cultural, natural e inmaterial - Bioblitz: coñece a biodiversidade da túa comarca - Coñece os espazos naturais protexidos da comarca - Mobilidade sostible – conectando núcleos: alternativas para a mobilidade peonil e en bici. ○ Selección dos expertos máis axeitados para cada tipo de roteiro. ○ Realización de charla de benvinda, presentación da temática e da metodoloxía de inventariado. ○ Realización do roteiro temático. ○ Mesas de traballo para posta en común e inventario dos valores.
A10	Xornadas Paisaxes comestibles	A construción dun discurso de identidade turística arredor do produto local de calidade é labor de todos os axentes do territorio. Co obxecto de impulsar sinerxías entre as persoas implicadas, integrando os valores da paisaxe, o patrimonio e os sectores produtivos, propónse unha xornada para a co-creación de actividades enogastroturísticas innovadoras. ○ Definición dos perfiles: Produtores locais, sector HORECA e poboación local. ○ Conferencias e charlas con emprendedores locais ou de fora da comarca especializados en experiencias enogastroturísticas innovadoras. ○ Networking para a co-creación de iniciativas turísticas. ○ Roteiro e cata entre viñedos (ou actividade similar).
A11	Ciclo de carreiras, andainas e actividades deportivas pola Vía da Prata	A Vía da Prata ao seu paso pola comarca ten un nivel de dificultade medio/alto debido a orografía do territorio. Propónse aproveitar esta condición para desenvolver unha oferta de turismo deportivo que, ao mesmo tempo, permita coñecer o patrimonio do Camiño de Santiago. Para a promoción desta faceta deportiva da ruta xacobeá propónse un ciclo de carreiras, andainas e actividades deportivas. ○ Definición dos perfiles aos que vai enfocada a actividade: deportistas de running, trail, poboación local, visitantes e público en xeral. ○ Definición do número de eventos e localizacións. ○ Definición das canles de comunicación e medios
A12.	Xornadas informativas sobre a estratexia e as convocatorias de axudas.	En cumprimento do principio de portas abertas e da filosofía Leader é preciso realizar e incrementar a difusión e información da estratexia e das axudas que derivan da mesma. O GDR fará ao menos unha sesión anual na que informar á poboación local sobre as axudas, facendo fincapé nas novas axudas do Bono activa rural.



	Actuación	Contido das actividades previstas
A13	Difusión en prensa, web e RRSS e mailing.	Co impulso á difusión preténdese: • Consolidar a imaxe do GDR Monteval como un referente á hora de apoiar o desenvolvemento local da zona. • Ordenar as canles de comunicación externa do GDR para dar unha mensaxe uniforme. • Aproveitar o uso das novas tecnoloxías para mellorar as comunicacións da entidade. • Mellorar a implicación dos socios nas propias accións comunicativas, definindo canles mais efectivos e bidireccionais. • Reforzar a colaboración con outras entidades presentes no territorio, ou noutros territorios, como outros GDR, á hora de promover iniciativas conxuntas. Entre as actividades previstas están: • Mailing ao conxunto de entidades do sector e promotores explicando o plan de acción da estratexia, incluíndo exemplos de tipos de proxectos que poden conseguir financiamento do Fondo. • Elaboración de vídeos e/o catálogos sobre os proxectos financiados polo GDR para visualizar o impacto da entidade no territorio. • Reforzo do traballo nas canles de difusión en youtube e RRSS, e creación dun perfil en Instagram. Apoio dunha axencia de comunicación especializada para esta tarefa. • Introducir publicidade nos medios de comunicación para eventos significativos. Esta publicidade pode ser realizada de maneira directa a través de anuncios e/o publicidade, ou indirecta a través da publicación de reportaxes ou entrevistas.



I.4. Plan de formación do GDR

Co obxecto de desenvolver o plan de formación do GDR, abórdanse a continuación os seguintes aspectos:

- Diagnose do mercado laboral do territorio.
- Identificación dos sectores aos que se dirixirán as actividades formativas.
- Requisitos mínimos para a selección do persoal formador e do alumnado.

I.4.1 Diagnose do mercado laboral do territorio e relación coa estratexia do GDR

A partir da análise e diagnóstico realizado no apartado B da Estratexia, realízase un DAFO específico en relación ao mercado laboral para unha diagnose das principais carencias e necesidades de formación detectadas. Este diagnóstico clasifícase en función dos sectores prioritarios detectados como futuros receptores do programa formativo, nas seguintes categorías:

- Aspectos transversais e estruturais que afectan a tódolos sectores
- Sector agrogandeiro
- Sector forestal
- Sector turístico e de xestión do patrimonio

As conclusións extraídas desta diagnose serven de base para establecer as propostas recollidas no plan de formación e detalladas no apartado I.4.2.



DEBILIDADES

TRANSVERSAIS

- Cuestión demográfica: despoboamento, poboación envellecida e éxodo da xente nova na procura de oportunidades. Ausencia de relevo xeracional nos sectores produtivos e escasa transferencia de coñecemento. Desprestixio social da permanencia, identificada como conformismo.
- Mercado laboral pouco dinámico. Falta de iniciativas económicas, reticencias á innovación e aos cambios.
- Escaseza de man de obra na maioría dos sectores produtivos, pouco profesionalizados e con carencias en formación empresarial. Falta de cualificación na man de obra e deficiencias na capacitación técnica en sectores chave para o ámbito.
- Inestabilidade laboral feminina e falta de oportunidades en sectores diversos.
- Dificultades das PEMES e comercio para adaptarse ás novas realidades económicas e ser competitivas.
- Escasa capacidade económica dos emprendedores e falta de crédito como factor limítante dos proxectos.

SECTOR AGROGANDEIRO

- A base territorial das explotacións está limitada polas dificultades no acceso á terra, a escasa mobilidade da mesma e fragmentación parcelaria, condicionando a xestión e a actividade produtiva.
- Produción pouco variada e carencias na xestión de insumos, que penalizan a competitividade dos produtos nos mercados.
- Escasa transformación e posta en valor dos produtos locais, exceptuando a viticultura. Perda do valor engadido de produtos por non existir industria transformadora.
- Escasa oferta formativa agropecuaria e agroalimentaria na comarca. Pouca coordinación formativa cos sectores produtivos.

SECTOR FORESTAL

- Ausencia de relevo xeracional e dificultades na gobernanza e xestión, especialmente nos MVMC.
- Deficiencias na transferencia de coñecemento, con plantacións pouco rendibles por non terse realizado nos lugares que historicamente tiñan unha maior aptitude. Algúns exemplos de plantacións vellas mal planificadas condicionan amplos ámbitos territoriais a un nulo rendemento e incerta xestión futura.
- Deficiente coidado do monte con escasas labores de mantemento e unha saúde do monte mellorable. Falta de xestión en moitas plantacións de piñeiro, monocultivo maioritario no ámbito, reducindo o rendemento e aumentando o risco de lumes forestais.
- Xestión ambiental e aproveitamento dos recursos practicamente inexistente nas masas de frondosas.
- Falta de profesionalidade no sector e formación mellorable.
- Falta de estrutura produtiva do sector forestal (infraestruturas, serradoiros ou empresas de transformación) no territorio. Os ciclos produtivos están incompletos e pérdese valor engadido.



SECTOR TURÍSTICO/PATRIMONIAL

- Ausencia de proposta turística conxunta e uniforme. Destino pouco competitivo por falta de identidade e oferta turística estruturada.
- Comarca de paso. A pesar de ser a Porta de Galicia a oferta hostaleira e hoteleira céntrase neste aspecto.
- Dificultades para xerar valor en relación aos recursos turísticos e o patrimonio, atopando trabas administrativas e sociais. A oferta turística é minguante, pérdese parte da actividade e estruturas.
- Falta de mecanismos de control sobre a calidade turística. Os axentes do sector traballan por libre e os resultados dependen do seu voluntarismo.
- Falta de colaboración entre actividades que poderían ser sinérxicas. Non existe unha rede de axentes con obxectivos comúns.
- Falta de profesionalidade e man de obra especializada, agás excepcións, no sector turístico e na xestión patrimonial.
- Pouco interese das adegas no desenvolvemento de actividades de enrutismo e por adherirse á ruta do viño.



AMEAZAS

TRANSVERSAIS

- Desvantaxe competitiva fronte a outros territorios mellor artellados e estruturados.
- Exceso de normativas e protocolos técnicos complexos como elemento disuasorio para o emprendemento nos sectores produtivos. Carencias no asesoramento, transmisión de información e acompañamento dos proxectos.
- As axudas e subvencións descontextualizadas, nalgúns casos, funcionan como desmobilizador para a procura activa de emprego e o emprendemento.
- O desenvolvemento de novas tecnoloxías avanza a gran velocidade deixando fóra aos territorios e grupos sociais que non se incorporan.

SECTOR AGROGANDEIRO

- Desvalorización social do agro e das súas actividades produtivas, exceptuando a viticultura.
- Alteracións nas condicións de produción agraria e gandeira, e efectos adversos derivados do cambio climático que poden supoñer riscos ás explotacións.
- Incorporación de modelos produtivos esóxenos centrados na cantidade, desaproveitando o potencial do territorio, desvalorizando a terra e causando presión sobre os espazos de valor ambiental.
- Aterrxaxe de grandes grupos inversores no territorio, aproveitando os instrumentos da Lei de recuperación de terras, que poden xerar competencia cos pequenos produtores.

SECTOR FORESTAL

- Desvalorización da cadea de valor forestal, agravada polo deficiente coidado do monte e o risco dos lumes forestais vinculados ao abandono e ao cambio climático.
- Mercado forestal dominado por grandes empresas que regulan os prezos, cunha transparencia mellorable e necesaria. A vontade do pequeno produtor habitualmente non é considerada.
- Novos modelos de comercialización de produtos derivados da madeira nos que prima a competitividade do prezo fronte á calidade do produto e dos acabados.
- Competencia entre usos do solo resta capacidade produtiva ao sector forestal. Os viñedos procuran novos espazos de oportunidade nos montes comunais.
- Coordinación entre administracións mellorable. Falta dunha correcta transmisión de información na xestión de axudas, non coincidindo ás veces os ciclos das subvencións cos tempos produtivos.

SECTOR TURÍSTICO/PATRIMONIAL

- Dificultades do sector turístico para acadar posición global fronte a destinos similares máis competitivos.
- O destino actúa como complementario doutros principais (Chaves, Ribeira Sacra...) pola súa posición estratéxica de paso e a falta dunha oferta turística axeitada, o que dilúe a súa posición nos mercados.
- Falta de formación TIC e carencias na dixitalización do sector turístico.

FORTALEZAS

TRANSVERSAIS

- Posición estratéxica entre Galicia, Portugal e a Meseta Central que permite chegar a un gran mercado e paliar ou complementar debilidades propias, establecendo sinerxías de colaboración e canles de comercialización comúns.
- Comarca multifuncional con valores territoriais idóneos para a diversificación de actividades e a especialización en múltiples sectores (agrario, gandeiro, forestal, loxístico, etc.).
- Función comercial histórica nos núcleos cabeceira (ex. Verín) e sector servizos como motor económico da comarca.
- Tradición de feiras e mercados como base para establecer modelos de distribución quilómetro cero.



SECTOR AGROGANDEIRO

- Disponibilidade de amplas superficies de terra agraria útil con boa aptitude para acoller actividades que precisan gran base territorial.
- Calidade produtiva da terra e boas condicións bioxeográficas para a produción agropecuaria e a diversificación de cultivos, establecemento de novas plantacións e recuperación de variedades autóctonas.
- Espazos naturais protexidos e paisaxe diferenciada como factor diferencial para xerar valor nos produtos agrogandeiros.
- Variedade de produtos locais de calidade diferenciada: viño de Monterrei, pemento de Oímbra, castaña e mel de Galicia, etc.
- Experiencia da DOP Monterrei como caso de éxito na posta en valor dun produto de longa tradición na comarca. Existencia doutros casos de boas prácticas que poden actuar como referencia a futuros emprendedores dos potenciais produtivos do ámbito.
- Capital humano con experiencia en sectores estratéxicos para a xestión territorial con interese en ampliar a base territorial das súas explotacións a través dos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Presenza de centros e institucións relevantes no ámbito como apoio ás iniciativas dos sectores primarios.

SECTOR FORESTAL

- Gran potencial forestal pola estrutura territorial da propiedade, cunha densidade de MVMC salientable a nivel galego, o que permite a xestión de amplas superficies na comarca con boa aptitude para a produción de biomasa.
- Necesidade de xestión compartida do monte, permitindo modelos mixtos con outros sectores produtivos e xerando beneficios tanto económicos como ambientais e paisaxísticos.
- Bo potencial para o cultivo de variedades autóctonas e acceso a semilleiros.
- Existencia dunha rede viaria extensa e de infraestruturas para o manexo da madeira.
- Existencia de persoal técnico e empresas que colaboran cos comuneiros para asesorar e implantar ferramentas de ordenación forestal e melloras na xestión do monte.
- Existencia de casos de éxito con modelos de xestión exemplar dos Montes Veciñais en Man Común na comarca, que poden servir de experiencia a futuras comunidades.
- Abundancia de biomasa no territorio ten potencial valor produtivo e enerxético.

SECTOR TURÍSTICO/PATRIMONIAL

- Fortaleza e vila de Monterrei como elemento turístico tractor, ao que se suman outros múltiples recursos na comarca, de valor patrimonial e/ou natural, arredor dos cales artellar un discurso e desenvolver unha oferta turística complementaria de calidade.
- Vía da Prata como recurso patrimonial e turístico de primeira orde, que artella o territorio e ten capacidade para chegar a un gran número de usuarios.
- Existencia de produtos de calidade diferenciada arredor dos que artellar unha oferta de enoturismo e gastroturismo, ligado ao discurso de identidade. Exemplo da Ruta do Viño e a Ruta dos Lagares rupestres, deseñadas conxugando paisaxe, patrimonio e viño da DOP Monterrei.
- Tradición do auguismo e balnearios como elemento diferencial do destino, que permite desenvolver unha oferta real para o visitante, xerando sinerxías con Chaves e Vidago, ambos destinos termais xa consolidados.
- Ámbito territorial ideal para crear oferta de turismo deportivo: ciclismo, ala delta, parapente, escalada, etc.



OPORTUNIDADES

TRANSVERSAIS

- Estación de ave da Gudiña como nodo de comunicacións potenciabile a través de servizos de apoio ás infraestruturas viarias existentes.
- O mercado demanda produtos singulares e de calidade.
- Fomento dende as políticas públicas da economía circular, a bioeconomía e os modelos sostibles de aproveitamento dos recursos e dos residuos, destacando o potencial do ámbito para a xeración de derivados dos ciclos produtivos.
- Boa predisposición dos consumidores e orientación das políticas públicas cara a sistemas km0, canles curtas de distribución e modelos mixtos que completen ciclos produtivos e comerciais.
- Existencia de programas de mentorización e a creación dunha oficina comarcal de emprendemento para asesorar aos axentes interesados.
- Proxectos existentes poden actuar como casos de boas prácticas e elemento motor referencial que explicita os potenciais produtivos do ámbito.
- Os modelos de teletraballo estanse asentando permitindo ao mundo rural a súa incorporación a mercados laborais diversos, sempre que se conte coas condicións técnicas e de conexión necesarias.
- Interese crecente de retorno por parte de profesionais e capitais de empresas externas con vinculación á comarca.

SECTOR AGROGANDEIRO

- Instrumentos da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia para a posta en valor de parcelas abandonadas, con varios piloto no ámbito de Aldeas Modelo declaradas e polígonos agroforestais aprobados.
- Auxilio dun mercado demandante de produtos singulares e de calidade ligados á pequena explotación e ás boas prácticas ambientais, con gran potencial na comarca.
- Políticas públicas de apoio á agricultura e gandería ecolóxica con modelos extensivos (vacún, ovino, caprino) con gran potencial no territorio e capacidade para xestionar o territorio e paliar a incidencia dos lumes forestais.
- Boa acollida no mercado dos produtos derivados da transformación da castaña, con marxe de mellora en canto á xeración de valor engadido neste sector.



SECTOR FORESTAL

- Existencia de amplas zonas degradadas con posibilidade para a recuperación ambiental e a reforestación.
- Existencia de figuras que favorecen a xestión conxunta, mellorando a relación entre particulares e empresas e fomentando cesións, alugueres e convenios para dinamizar o mercado e incentivar a mobilidade da terra.
- Posicionamento de Galicia no sector forestal pola súa estrutura territorial e produtiva, permitindo establecer sinerxías con outras comarcas.
- Aumento no mercado da demanda de madeira para novos usos na construción e estruturas, promovendo plantacións ordenadas e con certificacións de calidade, así como unha posible diversificación nas especies (castiñeiro para madeira, con grandes condicións no ámbito e outras frondosas como cereixo, nogueira, carballo americano, freixo...).
- Novas industrias téxtiles vinculadas á produción forestal.
- Auxilio do mercado da leña para calefacción, con gran potencial no ámbito.
- Certificacións forestais, pagos por servizos ecosistémicos e mercado de carbono, supoñen un potencial para aumentar a viabilidade de modelos forestais sostibles.
- Melloras xenéticas nas especies forestais garanten plantacións de maior calidade e rendemento adaptado ás condicións de base.
- Novos casos de éxito en modelos de xestión multifuncional do monte que poden servir de exemplo a futuros emprendedores: diversificación do uso forestal mediante a introdución de gando e outras producións apícolas, micolóxicas, de resina, cosmética, aceites, piñas, leña, plantas aromáticas, etc.

SECTOR TURÍSTICO/PATRIMONIAL

- Posición estratéxica e boas comunicacións para atraer turismo á comarca (estación de ferrocarril da Gudiña, fronteira con Portugal, proximidade a Chaves, etc.)
- Existencia dun plan de desenvolvemento turístico da vila de Monterrei, que permita atraer turismo á comarca.
- Eurocidade como mecanismo para artellar a oferta turística mixta en sinerxía con Portugal. Fomentar Verín-chaves como destino unitario.
- Nicho de mercado para distintos perfís de visitantes (familiar, cultural, gastronómico...) moi adaptados aos valores do destino. Densidade de elementos suficiente para ofrecer unha oferta complementaria diversa.
- Auxilio do enogastroturismo baseado nos produtos endóxenos de calidade, axudando a desestacionalizar a oferta, moi centrada no entroido.
- Auxilio do turismo de natureza, con potencial para ofertar produtos turísticos vinculados á xestión dos espazos forestais e á divulgación dos valores do monte (produtivo, ambiental, cultural, etc.)
- Auxilio de modelos alternativos de viaxe con potencial na comarca: caravaning, ecoturismo, agroturismo, etc.



En base a este DAFO, establécense unha serie de actividades formativas, que aparecen enunciadas a continuación, indicando a súa coherencia cos obxectivos e liñas estratéxicas da Estratexia de desenvolvemento local.

Táboa 10. Relación de actividades formativas

Sectores	Actividade formativa	Obxectivos	Liñas estratéxicas
Todos	F1. Curso <i>Economía circular, bioeconomía e aproveitamento sostible dos recursos</i>	OE.1, OE.2	LE.1, LE.2, LE.4
	F2. Cursos de capacitación <i>Incorporación das TIC e I+D+I nos sectores produtivos</i>	OE.3	LE.7, LE.8
Agrogandeiro	F3. Cursos <i>Transformación e comercialización: valor engadido no sector agrogandeiro</i>	OE.2, OE.3	LE.4, LE.5
	F4. Curso <i>Agricultura e gandería ecolóxica: boas prácticas, certificacións e valor engadido</i>	OE.1, OE.2	LE.1, LE.2, LE.3, LE.4
Forestal	F5. Curso <i>Montes Multifuncionais: aproveitamento dos recursos e xestión sostible</i>	OE.1, OE.2	LE.1, LE.2, LE.3, LE.4
	F6. Xornadas <i>Valor engadido no sector forestal – produción, transformación e comercialización</i>	OE.2, OE.3	LE.4, LE.5
	F7. Curso <i>Restauración de áreas queimadas: alternativas para aumentar a resiliencia do territorio</i>	OE.1	LE.1, LE.4
Turístico	F8. Curso <i>Oferta turística na comarca</i>	OE.2, OE.3	LE.2, LE.3, LE.4
	F9. Curso <i>Enoturismo e experiencias nos viñedos</i>	OE.2, OE.3	LE.2, LE.3, LE.4

Para un maior detalle desta relación de actividades, pódese consultar o apartado I.4.2. *Plan de formación*, onde se describe cada un dos cursos e xornadas, xustificando a súa necesidade, o formato e contidos propostos, a duración estimada e os perfiles e requisitos que debe cumprir o alumnado e o persoal docente.



I.4.2 Plan de formación

Táboa 11. Plan de formación

SECTOR	TODOS	
Actividade formativa	F1	Curso <i>Economía circular, bioeconomía e aproveitamento sostible dos recursos</i>
Xustificación	O aproveitamento dos recursos derivados da produción nas distintas actividades económicas ten potencial para crear valor engadido, reducir custes de produción e axudar na mitigación do cambio climático, promovendo prácticas máis sostibles nos diversos sectores produtivos.	
Formato	- o Clases teóricas - o Conferencias e charlas de expertos e emprendedores locais e/ou de fora - o Obradoiro de traballo en grupo e aplicación dos conceptos a casos prácticos	
Duración	25 horas	
Requisitos alumnado	Emprendedores dos distintos sectores produtivos e, en xeral, calquera persoa interesada na economía circular, bioeconomía e aproveitamento sostible dos recursos.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos en economía circular, emprego verde e xestión sostible dos recursos / emprendedores con experiencia en proxectos transformadores de boas prácticas no tratamento e aproveitamento de residuos, reciclaxe e compostaxe, autosuficiencia enerxética e outras accións relacionadas coa temática.	
Actividade formativa	F2	Cursos de capacitación <i>Incorporación das TIC e I+D+I nos sectores produtivos</i>
Xustificación	A transición dixital é un dos principais retos para a mellora da competitividade nos sectores produtivos, así como para garantir a capacitación dos emprendedores de cara ao aumento da súa visibilidade, á identificación de novas oportunidades de mercado, e á mellora da coordinación e comunicación coas administracións.	
Formato	- o Clases teóricas - o Aplicación de conceptos a casos prácticos	
Duración	25 horas	
Requisitos alumnado	Emprendedores dos distintos sectores produtivos e, en xeral, calquera persoa interesada na mellora das súas capacidades con respecto ás TIC.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos en incorporación das TIC nos sectores produtivos.	



SECTOR	AGROGANDEIRO	
Actividade formativa	F3	Cursos <i>Transformación e comercialización: valor engadido no sector agrogandeiro</i>
Xustificación	Unha das principais problemáticas detectadas na comarca é a falta de iniciativas de transformación do produto local, coa conseguinte perda de valor no mercado. É preciso establecer espazos para a innovación e a xeración de ideas arredor da transformación do produto local con calidade diferenciada. O curso disporá, previsiblemente, das seguintes edicións: ○ I Edición: Castaña ○ II Edición: Pemento de Oímbra ○ III Edición: Mel ○ IV Edición: Ternera Gallega ○ V Edición: Estratexias de comercialización	
Formato	○ Conferencias e charlas de expertos e emprendedores locais e/ou de fora da comarca ○ Obradoiro de traballo en grupo e aplicación dos conceptos a casos prácticos ○ Cata dos produtos xerados	
Duración	125 horas	
Requisitos alumnado	Emprendedores do sector produtivo agrogandeiro, empresas de transformación, distribución e comercialización e, en xeral, calquera persoa interesada na xeración de valor arredor do produto local.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos na industria da transformación e/ou comercialización.	
Actividade formativa	F4	Curso <i>Agricultura e gandería ecolóxica: boas prácticas, certificacións e valor engadido</i>
Xustificación	A incorporación de prácticas sostibles nos sectores agrogandeiros é un dos retos para a transición ecolóxica, especialmente nesta comarca estruturada a ambas beiras do río Támega, catalogado como ZEC da Rede Natura 2000. Isto implica que calquera actividade que se desenvolva nas ladeiras do val afecta directamente á calidade do espazo natural protexido, polo que fomentar as boas prácticas por parte dos sectores produtivos resulta esencial para a súa conservación. As certificacións e o valor engadido son un enfoque esencial para garantir estas boas prácticas nas actividades agrogandeiras.	
Formato	○ Clases teóricas incluíndo, cando menos, as seguintes temáticas: - Boas prácticas para a mellora da biodiversidade e os servizos ecosistémicos - Conversión ao modelo ecolóxico: certificacións - Valor engadido: canles de comercialización ○ Conferencias e charlas de expertos e emprendedores locais e/ou de fora ○ Visita a casos de éxito ○ Contorna participativa e casos prácticos	
Duración	60 horas	
Requisitos alumnado	Emprendedores do sector produtivo agrogandeiro, empresas de transformación, distribución e comercialización e, en xeral, calquera persoa interesada na transición ecolóxica nos sectores produtivos.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos en certificación ecolóxica e/ou xestión territorial sostible / emprendedores con experiencia en proxectos transformadores de boas prácticas ecolóxicas no sector agrogandeiro.	

SECTOR	FORESTAL	
Actividade formativa	F5	Curso <i>Montes multifuncionais: aproveitamento dos recursos e xestión sostible</i>
Xustificación	Os valores territoriais da comarca permiten a diversificación de actividades e a especialización en múltiples sectores. Resulta esencial dar formación e xerar espazos de colaboración para promover sinerxias entre os distintos axentes implicados, co fin de favorecer unha xestión sostible, eficiente e rendible dos recursos asociados ao monte.	
Formato	○ Clases teóricas incluíndo, cando menos, as seguintes temáticas: - Recursos derivados do monte: xestión e aproveitamento - Biodiversidade e servizos ecosistémicos - Planificación e xestión sostible contra incendios forestais - Silvopastoralismo e manexo do gando no monte ○ Conferencias e charlas de expertos e emprendedores locais e/ou de fora ○ Visita a casos de éxito ○ Entorno participativo e casos prácticos	
Duración	40 horas	



SECTOR	FORESTAL	
Requisitos alumnado	Propietarios privados e comunidades de montes, xestores e persoas con proxectos que requiran base territorial, emprendedores con interese en desenvolver propostas produtivas, de transformación ou de dinamización e, en xeral, todas as persoas interesadas na xestión multifuncional dos recursos do monte.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos en xestión territorial sostible / emprendedores con experiencia en proxectos transformadores de boas prácticas de xestión do monte.	
Actividade formativa	F6	Xornadas Valor engadido no sector forestal – produción, transformación e comercialización
Xustificación	Unha das principais problemáticas detectadas na comarca é a falta de iniciativas de transformación no sector forestal, coa conseguinte perda de valor no mercado. É preciso establecer espazos para a innovación e a xeración de ideas arredor da industria da madeira.	
Formato	○ Conferencias e charlas de expertos e emprendedores locais e/ou de fora da comarca, incluíndo, cando menos, as seguintes temáticas: - Sector forestal en Galicia e Portugal, retos e oportunidades - Auxe na demanda de madeira de calidade para construción: certificacións, especies e manexo - Novas industrias téxtiles vinculadas á xestión forestal - Auxe do mercado da leña para calefacción: manexo de masas de frondosas - Bonos de carbono: tratos xustos - Outros servizos ecosistémicos derivados da xestión forestal - Planificación forestal para aumentar a resiliencia do monte fronte a incendios - Melloras xenéticas nas especies para adaptación ao Cambio Climático ○ Mostra de casos de éxito locais e/ou de fora da comarca ○ Mesas de traballo para identificación de barreiras e recollida de solucións ○ Desenvolvemento de propostas e casos prácticos	
Duración	125 horas	
Requisitos alumnado	Emprendedores do sector produtivo forestal, representantes de comunidades de montes, técnicos forestais, empresas de transformación, distribución e comercialización e, en xeral, calquera persoa interesada na xeración de valor no sector forestal.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos na industria forestal e/ou na transformación e comercialización da madeira.	
Actividade formativa	F7	Curso Restauración de áreas queimadas: alternativas para aumentar a resiliencia do territorio
Xustificación	Nun territorio con alta recorrencia de incendios forestais, resulta esencial crear un espazo de reflexión sobre novas alternativas de manexo, xestión e ordenación do monte de cara a aumentar a súa resiliencia fronte aos lumes.	
Formato	○ Clases teóricas incluíndo, cando menos, as seguintes temáticas: - Restauración ecolóxica e resiliencia - Multifuncionalidade do monte: planificación e xestión sostible contra incendios forestais - Alternativas de usos, especies e manexo adaptadas ás necesidades do lugar. ○ Conferencias e charlas de expertos e emprendedores locais e/ou de fora ○ Visita a casos de éxito ○ Entorno participativo e casos prácticos	
Duración	40 horas	
Requisitos alumnado	Propietarios privados e comunidades de montes, xestores e persoas con proxectos que requiran base territorial e, en xeral, todas as persoas interesadas na restauración de áreas queimadas e no aumento da resiliencia do territorio.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos en xestión territorial sostible e/ou restauración ecolóxica / emprendedores con experiencia en proxectos transformadores de restauración de áreas queimadas.	



SECTOR	TURÍSTICO/PATRIMONIAL	
Actividade formativa	F8	Curso <i>Oferta turística na comarca</i>
Xustificación	A capacitación do sector turístico e de xestión do patrimonio cultural e natural resulta esencial para promover unha oferta turística sostible, con vinculación aos sectores produtivos para xerar canles curtas de distribución, pechar ciclos de transformación e comercialización, e reforzar unha identidade do destino baseada na calidade do produto local.	
Formato	○ Conferencias e charlas de expertos e emprendedores locais e/ou de fora da comarca, incluíndo, cando menos, as seguintes temáticas: - Boas prácticas no desenvolvemento da actividade turística - Produtos innovadores e tendencias do mercado - Feiras e mercados de produto local - Particularidades dos viñedos e viños DOP Monterrei - Termalismo e auguismo como oportunidade turística - Actividades deportivas na Vía da Prata - Posta en valor dos produtos locais a través das cartas e o servizo - Mellora de emplatados e novas técnicas - Xestión de procesos de elaboración para a redución de desperdicios alimentarios - Hixiene e seguridade alimentaria - Normativa e protocolos técnicos no sector turístico ○ Mostra de casos de éxito locais e/ou de fora da comarca ○ Desenvolvemento de propostas e casos prácticos	
Duración	125 horas	
Requisitos alumnado	Emprendedores dos sectores produtivos e sector HORECA, traballadores dos sectores turísticos e de xestión do patrimonio cultural e natural, calquera persoa interesada no turismo sostible.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos no sector turístico.	
Actividade formativa	F9	Curso <i>Enoturismo e experiencias nos viñedos</i>
Xustificación	O bo exemplo da DOP Monterrei como caso de éxito na dinamización do sector vitivinícola da comarca é unha oportunidade para o desenvolvemento dun turismo de calidade. Neste senso, resulta indispensable a colaboración e implicación das adegas, así como a súa capacitación para o impulso de experiencias enoturísticas.	
Formato	○ Conferencias e charlas de expertos e emprendedores locais e/ou de fora da comarca, incluíndo, cando menos, as seguintes temáticas: - Historia e evolución da DOP Monterrei - Recursos turísticos: viñedos, lagares rupestres e adegas - Oferta enoturística: Ruta do Viño e Ruta dos Lagares Rupestres - Elaboración dun discurso de identidade - Experiencias enoturísticas - Vantaxes da venta en bodega ○ Mostra de casos de éxito locais e/ou de fora da comarca	
Duración	40 horas	
Requisitos alumnado	Emprendedores do sector produtivo vitivinícola, adegas e calquera persoa interesada no enoturismo.	
Requisitos persoal formador	Expertos na materia con titulación de enxeñería, licenciatura ou equivalente e traxectoria demostrable de máis de 3 anos no sector do enoturismo.	



I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades

Recóllese aquí o plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades, especificando os seguintes aspectos:

- Sinerxías identificadas con outros GDR ou territorios.
- Fórmulas de colaboración futuras, mediante proxectos de cooperación
- Accións concretas a desenvolver

Sinerxías identificadas con outros GDR ou territorios

De cara a establecer proxectos de cooperación, identificáronse unha serie de GDR ou territorios cos que se comparten retos ou problemáticas comúns, que poderían derivar en oportunidades de colaboración, e que se definen na seguinte táboa:

Territorios	Motivación	Interese da colaboración
GDR Carballiño- Ribeiro GDR Ribeira Sacra- Courel GDR Condado Paradanta GDR Valdeorras	GDR pertencentes a outras DOP de viño en Galicia.	Crear rede de territorios produtores de viño, e poñer en marcha actividades e proxecto en conxunto.
GDRs de Ourense e Sur de Lugo	Territorios de interior con moito abandono e despoboación.	Definir e compartir accións para fixar poboación e frear o abandono.
GDR Ribeira Sacra Courel GDR Sil Bibeí GDR Valdeorras	Territorios con alta recorrencia de lumes forestais	Definir e compartir accións para facer aumentar a resiliencia do territorio ante os lumes.

Fórmulas de colaboración futuras, mediante proxectos de cooperación

O GDR-9 Monteval incorpora nesta estratexia a súa intención de participar na iniciativa de Grupos de Traballo definidos nas EDLP 2023-2027. Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP. Estes grupos teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes. A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

Nesta liña, dentro das temáticas establecidas para os GT, o GDR-9 Monteval participará en tres grupos, coincidentes cos sectores estratéxicos establecidos no marco da estratexia. Así, os grupos nos que propón colaborar serán os seguintes:

- GT Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
- GT: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario
- GT: Turismo en zonas rurais



Dentro do primeiro GT, o interese do GDR-9 centrarase no desenvolvemento dos instrumentos da LRTAG como ferramentas para a loita contra os incendios forestais, con tanta incidencia neste territorio. A súa aportación a este grupo de traballo centrarase en implantar no territorio un asesoramento personalizado para aquelas iniciativas privadas que pretendan impulsar polígonos agroforestais de carácter privado, así como incidir na divulgación da lei entre a poboación local. A experiencia xerada neste campo poderá ser replicada por outros GDR.

Táboa 12. Plan de cooperación e traballo en rede. GT Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio

Actividade de cooperación (*)	GT. Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio.	
Forma de colaboración:	Obxectivos da cooperación	Accións concretas
Grupos de Traballo (GT)	O1. Poñer en marcha os instrumentos de recuperación da terra agraria contemplados na LRTAG como ferramenta para a loita contra os incendios forestais. O2. Asesorar ás iniciativas de axentes do territorio para impulsar a creación de polígonos agroforestais privados. O3. Difundir e divulgar a lei entre a poboación local.	Por definir no marco da metodoloxía indicada polo grupo de traballo.
Coordinación:		
GDR13 Condado Paradanta		
GDR ou entidades colaboradoras:		
GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais GDR4 Comarca de Lugo GDR 5 Miño Ulla GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteval GDR10 A Limia-Arnoia GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22		

Dentro do segundo GT, o interese do GDR-9 céntrase na implantación da Estratexia da Granxa á Mesa, apoiando ás iniciativas Km0 e traballando especialmente cos comedores escolares. No marco deste grupo de traballo, contéplase a acción concreta de sumarse á Rede Eco-comedores Galicia, que ten como finalidade impulsar que os centros educativos, así como outros centros comunitarios (residencias da terceira idade, de infancia, etc.) inclúan nos seus menús produto local, de tempada e/ou ecolóxico.



Táboa 13. Plan de cooperación e traballo en rede. GT Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario

Actividade de cooperación (*)	GT. Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario	
Forma de colaboración:	Obxectivos da cooperación	Accións concretas
Grupos de Traballo (GT)	O1. Implantar a Estratexia da Granxa á Mesa. O2. Apoiar iniciativas locais Km0. O3. Colaborar cos comedores escolares e centros comunitarios para mellora dos circuitos curtos.	Rede Eco-comedores Galicia (*)
Coordinación:		
GDR24 Seitura 22		
GDR ou entidades colaboradoras:		
GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais GDR 5 Miño Ulla GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteval GDR11 ADERCOU GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22		

En canto ao terceiro GT, o GDR-9 centrarase en promover iniciativas ligadas ao enoturismo e ao turismo arqueolóxico e de natureza, así como en axudar ao sector na creación dun destino turístico uniforme e unha imaxe de marca vencellada aos principais valores do territorio, impulsando ao tempo o emprendemento neste sector.



Táboa 14. Plan de cooperación e traballo en rede. GT Turismo en zonas rurais

Actividade de cooperación (*)	GT. Turismo en zonas rurais	
Forma de colaboración:	Obxectivos da cooperación	Accións concretas
Grupos de Traballo (GT)	O1. Promover o enoturismo e o turismo arqueolóxico e de natureza O2. Crear un destino turístico uniforme e consolidado cunha imaxe de marca baseada nos valores do territorio O3. Impulsar o emprendemento no sector turístico.	Por definir no marco da metodoloxía indicada polo grupo de traballo.
Coordinación:		
GDR3 Montes e Vales Orientais		
GDR ou entidades colaboradoras:		
GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais GDR9 Monteal GDR4 Comarca de Lugo GDR7 Valdeorras GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela		

Accións concretas a desenvolver

No marco do GT *Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario*, contéplase colaborar na acción concreta da Rede Eco-comedores Galcia. A proposta deste proxecto de cooperación xorde a partir das experiencias previas que varios GDRs levan desenvolvendo desde o ano 2019, buscando con este proxecto expandirse a outros territorios de Galicia, acadando complementariedades e compartindo aprendizaxes.

Con esta actuación de cooperación propónse ampliar estas accións piloto para apoiar e revisar os menús de cada centro que dispón da súa propia cociña, e favorecer a incorporación de produtos locais e de tempada. A finalidade do proxecto é impulsar desde os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) a incorporación de centros educativos ou outro tipo de centros comunitarios (residencias terceira idade, infancia, etc) nunha nova “Rede”, que se chamará Rede Eco-Comedores, coa finalidade de que inclúan nos seus menús produto local, de tempada e/ou ecolóxico.

Na seguinte táboa descríbense os obxectivos da acción, o valor engadido da cooperación, as actuacións a desenvolver e a repercusión esperada.



Táboa 15. Plan de cooperación e traballo en rede. Acción concreta: Rede Eco-comedores Galicia

Acción concreta:	* Rede Eco-comedores Galicia
Entidades cooperantes	Obxectivos da cooperación
GDR 1 Terras de Miranda GDR 2 Terra Chá GDR 3 Montes e Vales Orientais GDR 4 Comarca de Lugo GDR 5 Miño-Ulla GDR 9 Monteval GDR 10 A Limia Arnoia GDR11 Adercou GDR 13 Condado Paradanta GDR14 EuRural. GDR 20 Ulla Tambre Mandeo GDR 21 Asdecomor GDR 22 Costa da Morte GDR 23 Mariñas-Betanzos GDR 24 Seitura 22	O1. Acompañar á comunidade escolar e outros centros residenciais durante o curso para revisar os menús de cada centro, analizando as necesidades e cambios que sería necesario aplicar para elaborar menús saudables, con produto local, de tempada e ecolóxico, sen que supoña un incremento económico da partida alimentaria. O2. Facilitar o acceso aos produtos locais, mellorando a comercialización en circuitos curtos e o contacto entre as escolas e os agricultores/as que permita integrar estas producións no menú, coa correspondente diminución da pegada de carbono derivada do aforro nos transportes a grandes distancias dos alimentos. O3. Divulgar e dar a coñecer o proxecto entre as familias e equipos xestores dos centros, e na sociedade en xeral, así como promover o cambio de modelo de consumo e cambios normativos que o favorezan.
Valor engadido da cooperación	
Acompañar a aprendizaxe común no proceso de transición alimentaria Aumentar a visibilidade da produción local de alimentos, o papel dos agricultores no rural, así como o traballo desenvolvido dende a rda. Aproveitar sinerxías e complementariedades entre as distintas producións dos territorios participantes, reforzándose mutuamente. Facer visible conxuntamente a contribución que os alimentos poden facer para mitigar o cambio climático e manter viva a cultura rural.	
Actuacións a desenvolver	
A1. Asesoramento nutricional aos centros adheridos A2. Accións de sensibilización, formación e talleres A3. Apoio na organización de xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico A4. Información e comunicación A5. Apoio ao sector produtor e mellora da loxística	
Repercusión	
O fortalecemento das canles curtas de comercialización das producións locais contribuirá a reducir a pegada de carbono do sistema alimentario local en Galicia. O uso de produtos de tempada reducirá a pegada ecolóxica dos alimentos. O fomento da produción ecolóxica e de proximidade permitirá un mellor estado da biodiversidade ambiental.	

I.6. Planificación temporal

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.5 (táboas 5, 6, 7, 8).

